



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 445

VIII lexislatura

6 de abril de 2011

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.3. Exame de programas e plans

3.3.1. Programas e plans

- 08/PGIT-0001 (63191)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015

[138109](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.3. Exame de programas e plans

3.3.1. Programas e plans

A Mesa do Parlamento, na reunión do 5 de abril de 2011, adoptou o seguinte acordo

Toma de coñecemento, traslado aos grupos parlamentarios e publicación

- 08/PGIT-0001 (63191)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Plan galego de investigación, innovación e crecemento
2011-2015

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco



Vicepresidente 1.º



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Remítese texto do **Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015** aprobado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día 23 de decembro de 2010 (achégase a certificación compulsada do acordo do citado Consello) ao obxecto do preceptuado no artigo 11.3 da Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DILIXENCIA. - Para facer constar que esta copia é
fiel reflexo do original.

Santiago de
Compostela

30 MAR. 2011



A FUNCIONARIA

Amelia Pedrares Mato

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA
XUNTA DE GALICIA

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e tres de decembro de dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


Aprobar definitivamente o Plan Galego de Investigación, innovación e Crecemento 2011-2015, aprobado inicialmente pola Comisión de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA) na súa reunión do 13 de decembro de 2010, segundo o establecido no artigo 11 da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento da Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Remitir o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 ao Parlamento de Galicia para os efectos do establecido no artigo 11.3 da Lei 12/1993.

E para que conste asina a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e tres de decembro de dous mil dez.


V.º e Prace

O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA



**XUNTA
DE GALICIA**

**PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN,
INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011 – 2015**



XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE



ÍNDICE

Capítulo 1 INTRODUCCIÓN AO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015.....	5
Capítulo 2 ANTECEDENTES.....	10
2.1 Introducción	11
2.2 O contexto da I+D+i en Europa.....	12
2.3 O contexto da I+D+i en España.....	14
2.4 Innovar en Galicia	18
2.5 Fundamento Normativo de referencia	19
Capítulo 3 SISTEMA GALEGO DE I+D+i: CONCEPTUALIZACIÓN, EVOLUCIÓN E DIAGNÓSTICO	23
3.1 O Sistema Galego de I+D+i.....	24
3.2 Datos xerais do Sistema Galego de I+D+i. A intensidade da I+D+i en Galicia.	27
3.3 Manifestacións Económicas e Empresariais da Innovación.....	43
3.4 Relacións interempresariais. Outras formas de presenza do sector público nos procesos de innovación.....	51
3.5 O Sector Financeiro como axente do Sistema Galego de Innovación	54
3.6 O Sistema de Educación Superior Universitaria en Galicia	56
3.7 A situación do Sistema Galego de I+D+i no contexto nacional e internacional.....	63
3.8 Conclusións do Diagnóstico: Vectores e Oportunidades do sistema galego de I+D+i	73
Capítulo 4 RETOS	77
4.1 Reto 1: Captación, Formación e Retención do Talento	80
4.2 Reto 2: Investigación de referencia e competitiva	81
4.3 Reto 3: Innovación e valorización	82
4.4 Reto 4: Creceamento empresarial	82
4.5 Reto 5: Cambio do modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2013	83
Capítulo 5 EIXOS ESTRATÉXICOS.....	85
5.1 Eixo estratéxico 1: Xestión do Talento	86
5.2 Eixo estratéxico 2: Consolidación de Grupos de Referencia.....	88
5.3 Eixo estratéxico 3: Sistema Integral de Apoio á Investigación	90
5.4 Eixo estratéxico 4: Valorización do coñecemento	90
5.5 Eixo estratéxico 5: A innovación como motor de creceamento	91
5.6 Eixo estratéxico 6: Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación	93
5.7 Eixo estratéxico 7: Modelo de innovación nas administracións	94
5.8 Eixo estratéxico 8: Programas Sectoriais	95



XUNTA DE GALICIA

5.9 Eixo estratéxico 9: Proxectos Singulares	96
5.10 Eixo estratéxico 10: Difusión e Divulgación.....	96
Capítulo 6 LIÑAS DE ACTUACIÓN	98
6.1 Eixo estratéxico 1: Xestión do Talento	99
6.2 Eixo estratéxico 2: Consolidación de Grupos de Referencia.....	113
6.3 Eixo estratéxico 3: Sistema Integral de Apoio á Investigación	119
6.4 Eixo estratéxico 4: Valorización do coñecemento	128
6.5 Eixo estratéxico 5: Innovación como motor de crecemento.....	138
6.6 Eixo estratéxico 6: Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación	165
6.7 Eixo estratéxico 7: Modelo de innovación nas administracións	172
6.8 Eixo estratéxico 8: Programas Sectoriais	177
6.9 Eixo estratéxico 9: Proxectos Singulares	195
6.10 Eixo estratéxico 10: Difusión e divulgación.....	202
GOBERNANZA E AVALIACIÓN DO SISTEMA.....	214
Capítulo 7 RECURSOS ECONÓMICOS DO PLAN	218
Capítulo 8 XESTIÓN, SEGUIMENTO E ACTUALIZACIÓN DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015	220
Capítulo 9 ANEXOS	223
9.1 ANEXO I	224
9.2 ANEXO II	225
9.3 ANEXO III.....	239



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 1
INTRODUCCIÓN AO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN,
INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015



XUNTA DE GALICIA

Galicia afronta no próximo quinquenio un reto fundamental: Desenvolver un ecosistema de investigación e innovación suficientemente eficiente como para situar a economía galega en posición de competir nunha contorna global.

Na pasada década foise conformando un sistema de investigación e innovación cun poboado conxunto de axentes que vertebran unha ampla oferta tecnolóxica e un sistema de innovación ben situado en España. A pesar diso, a economía galega non é aínda suficientemente innovadora para mostrar uns parámetros de produtividade cos que garantir o mantemento dun modelo social baseado no benestar.

É o momento de que as empresas, universidades, centros tecnolóxicos e demais axentes do sistema galego de I+D+i acaden un rendemento óptimo co que desenvolver proxectos empresariais máis intensos en coñecemento e procesos de investigación, que acaben máis frecuentemente na súa valorización.

Por iso, os obxectivos que propón este Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 non poden desenvolverse sen unha alta implicación. A responsabilidade é compartida, por descontado empezando por quen ostenta responsabilidades de goberno e é responsable de achegar o máximo de recursos posible e de deseñar políticas públicas acertadas. Pero máis aló da política, o esforzo pola investigación e a súa valorización, e o esforzo pola innovación, pivota dun modo determinante nas empresas e nas universidades e resto de axentes do sistema de I+D+i.

A investigación necesita recursos para desenvolverse con calidade suficiente, pero tamén actitude e persistencia en valorizar o coñecemento que produce. A dita valorización é un modo de responsabilidade social.

E a innovación necesita recursos públicos e privados pero require moita capacidade de cambio para facer da innovación o motor de competitividade da empresa.

A valorización da investigación e do desenvolvemento e da innovación estratéxica requiren un esforzo e convicción, un compromiso compartido que debe atopar nas axudas públicas máis unha panca que unha orixe. As empresas innovan estratéxicamente porque é a forma de manter a súa competitividade, non innovan porque haxa axudas públicas, é ao revés, hai axudas públicas para acelerar, incentivar unha innovación que se é de verdade, comporta risco. As universidades e os centros de investigación deben valorizar os seus resultados, porque é a forma de retornar á sociedade os esforzos que esta manifesta en forma de achegas á investigación, nun círculo que se non produce resultados creba unha das principais pancas de desenvolvemento social e económico.

A suma de conxuntura económica especialmente difícil e do próximo horizonte onde as axudas á innovación provenientes da Unión Europea tenden a limitarse, obrigan a un cambio de modelo, no que unha vez vertebrado un sistema de axentes de investigación e innovación moi nutrido, o foco debe centrarse nos resultados. Haberá que ser moi eficiente, máis do que se foi en xeral, co uso dos recursos e conseguir unha investigación que sexa de calidade e se valorice eficientemente e unha innovación que se traduza en crecemento empresarial.



XUNTA DE GALICIA

Os principais indicadores para medir o resultado do Plan deben, polo tanto, ser indicadores de impacto, no sentido de medir realmente o resultado social e económico que as distintas iniciativas público - privadas producen.

O Plan ten un especial empeño en propulsar o crecemento empresarial. Nunha contorna económica especialmente minifundista na súa estrutura produtiva, impulsar o desenvolvemento de empresas tractoras e os proxectos público - privados tractores resulta fundamental. Galicia foi capaz de desenvolver algúns dos proxectos empresariais máis exitosos e de maior impacto global de Europa, e á vez, mantén un tipo de tecido produtivo que require de modo moi evidente maior crecemento e maior internacionalización.

Polo tanto, este é un plan de investigación e innovación e estes son dous alicerces necesarios para o crecemento empresarial, non son termos afastados, son termos vinculados. Unha investigación de calidade e valorizada, unha innovación desde o compromiso pola competitividade, serán os factores clave para o crecemento de proxectos que sexan significativos nunha contorna global e que permitan vertebrar mellor ao gran número de PEME e darán axilidade á economía galega.

Este é un momento decisivo que se resolverá segundo o acerto e o compromiso que todos os axentes do sistema de I+D+i galego consigan. E en gran medida, o cambio de modelo máis intensivo en coñecemento grazas a un maior rendemento das iniciativas de investigación e innovación, deberase a un cambio cultural.

Unha forma de entender a investigación como o modo básico de avance do coñecemento que se resolve en iniciativas de transferencia e valorización que constitúen unha base diferencial sobre a que construír proxectos sociais e proxectos empresariais. E unha innovación que busca desenvolver non soamente proxectos de innovación incremental, senón propostas disruptivas capaces de poder definir proxectos empresariais de grande alcance. En gran medida este cambio cultural vén de unir investigación e innovación con espírito emprendedor. Unha actitude emprendedora que se traduce en novas empresas ou que se traduce en novos proxectos que atopan a forma de facer empresas desde as bases de coñecemento propostas en investigacións.

Este cambio de modelo que busca este Plan tamén se fundamenta nun cambio de modelo na estruturación do sistema, así se define a creación de novos organismos como a creación da Axencia Galega de Innovación, o Observatorio de Innovación de Galicia e un conxunto de propostas de reforma normativa que buscan facer máis eficientes e máis orientadas a resultados as políticas públicas.

Por outra banda, o Plan que se propón ten unha duración de cinco anos, sendo o seu período de vixencia desde o 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2015. Probablemente o escenario de axudas europeas terá unha forte alteración a partir de 2013 cando rematen as axudas a Galicia como rexión elixible en virtude do obxectivo de converxencia. Neste momento a necesidade de responder aos importantes retos de crecemento empresarial e de competitividade con recursos propios vai ser máis evidente, tal e como o será ter capacidade de captar desde os grupos de investigación e desde as empresas recursos provenientes das convocatorias competitivas do Estado, da Unión Europea e de institucións multilaterais.



XUNTA DE GALICIA

Desta maneira o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, aspira a ser a punta de lanza da sociedade galega na necesidade de contribuír á competitividade de Galicia como Eurorrexión cun marco operacional e unha contorna de desenvolvemento adecuados. A Galicia tócalle competir nunha contorna de mercado onde Rexións Europeas tradicionalmente máis avanzadas sofren xa os axustes de mercado pola puxanza doutras rexións emerxentes de Europa e fóra dela.


As características clave de toda economía e sociedade innovadora non se entenden nas últimas décadas sen o fenómeno da Innovación Aberta (entendido este concepto como tradución de "Open Innovation" termo acuñado polo profesor Henry Chesbrough) que se caracteriza por unha contorna de I+D+i dinámica, colaborativa, excelente e integrada.

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 entende a contorna que facilita as condicións para a Investigación e Desenvolvemento desde unha visión de 360º potenciando a interrelación dos axentes do ecosistema de innovación mediante os aceleradores que propoñen os programas estatais e internacionais de financiamento da I+D+i.

Ademais, é neste contexto onde a banca privada debe ampliar a súa decidida aposta polo empresariado local mediante instrumentos financeiros non necesariamente tradicionais que apoiem á micropeme innovadora galega nos seus diferentes estadios de madurez do seu proxecto empresarial.

Este achegamento integral a través dos diferentes elementos da cadea de valor do proceso de I+D+i permitirá acadar os obxectivos do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015: unha contorna favorecedora da Innovación Aberta; unha aspiración competitiva de ámbito supranacional; un cadro de mando multiobxectivo e un financiamento multifonte.

Gráfico 1.1.- Visión Holística do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015



Fonte: Elaboración propia



XUNTA DE GALICIA

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 estrutúrase en Retos, Eixos Estratéxicos e Liñas de Actuación asociadas aos diferentes Eixos. A súa adaptación á estrutura que fixa o artigo 6 da Lei 12/1993 de 6 de agosto de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia recóllese no ANEXO I do presente documento



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 2

ANTECEDENTES



2.1 Introducción

En 2010 péchase un ciclo importante dentro da Unión Europea. Un período que se iniciou no Consello Europeo celebrado no ano 2000 coa posta en marcha da Estratexia de Lisboa: un compromiso dos estados membros para facer de Europa en 2010 a economía, baseada no coñecemento, máis dinámica e competitiva do mundo respectando a cohesión social e o medio ambiente.

Con retos importantes aínda por resolver, ábrese unha nova etapa que estará marcada pola Estratexia UE-2020 e que nace no contexto dunha crise económica e financeira global, que levou á reflexión política internacional máis profunda das últimas décadas.

Neste contexto, Europa ten a obriga de establecer unha programación cun obxectivo irrenunciable, xa formulado en Lisboa: o desenvolvemento definitivo da sociedade e a economía do coñecemento. E pola súa banda, Galicia dá luz verde a un novo plan que con carácter proactivo, que debe xerar coñecemento e mellorar os mecanismos que permiten a súa transmisión á sociedade.

Innovar é pensar e actuar, de forma diferente. A formulación de Galicia de cara a estruturar o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 nace ao amparo do que significa a innovación nunha contorna máis ampla, a europea. A presenza da innovación é indispensable para o progreso e constitúe o motor imprescindible para reforzar a competitividade de Europa.

Ninguén pode abstraerse xa de que son o mercado, a demanda e os desenvolvementos tecnolóxicos os que están a impulsar a necesidade de innovar. Galicia non é unha illa e precisa, como desde Europa se sinala, da asunción dunha cultura da innovación que promova desde dentro capacidades e actitudes creativas, e sobre todo, oriéntese a resultados.

Esta cultura require da implementación de instrumentos, mecanismos e procedementos específicos imprescindibles para facer operativas as diferentes achegas. Só mediante unha estratexia coordinada a nivel europeo que se oriente cara á investigación e a innovación poderemos atopar respostas a este e a outros importantes retos sociais aos que se enfronta unha Europa que debe conseguir que os coñecementos científicos sexan aproveitados polo sector produtivo e se transformen en innovacións tecnolóxicas.

A innovación en Europa preséntase, polo tanto, como un desafío a resolver, que contará cun espazo único no que as empresas se xogan a súa competitividade no mercado mundial.

É necesario influír de maneira significativa na sociedade mediante o traballo específico e a implantación dunha cultura de innovación en Europa. Trátase de impulsar o desenvolvemento e a competitividade mediante innovacións punteiras cun impacto positivo tanto social como económico. Para iso debemos acadar o obxectivo de transformar a nosa economía en sustentable, baseada na innovación e o coñecemento, fortemente internacionalizada, cunha balanza tecnolóxica positiva e emprego de alto valor engadido. Unha economía capaz de atraer e reter talento internacional. Innovar é a oportunidade para Galicia, para España e para Europa.



2.2 O contexto da I+D+i en Europa

Desde a publicación en 1995 do Libro Verde da Innovación, Europa é consciente de que hai que aumentar o investimento en I+D+i, medida absolutamente necesaria, especialmente en momentos de dificultades económicas.

Consciente de que ese esforzo debe ir acompañado dun mellor aproveitamento dos fondos, Europa sabe que é necesario que os programas nacionais e europeos de fomento da innovación estean mellor coordinados. Coñece que o acceso aos programas europeos de financiamento debe ser simplificado e que as pemes deben cobrar un maior protagonismo nestes programas. Non esquece que Investigación e Innovación deben ir unidas, que o sistema educativo necesita mellorar, así como que é imprescindible facilitar o traballo dos axentes innovadores, aproveitar a súa capacidade para o deseño e a innovación social, cooperar máis e mellor con outras áreas xeográficas e propiciar que o coñecemento e os investigadores/as poidan desprazarse libremente polo seu territorio.

No ano 2000 a Comisión Europea (CE) propuxo a creación dun Espazo Europeo de Investigación, co obxectivo de crear un marco xeral de investigación, que permitiría alcanzar o obxectivo de Lisboa de facer de Europa a economía baseada no coñecemento máis avanzada do mundo no 2010. Este espazo europeo de investigación prevé a creación dun "mercado interno" de investigación, a reestruturación do tecido europeo de investigación e a converxencia nas políticas de investigación e innovación de ámbito estatal e comunitario. Co fin de conseguir este obxectivo, os xefes de estado e de goberno da Unión Europea acordaron no Consello Europeo de Barcelona (2002) aumentar o gasto de Investigación e desenvolvemento até o 3% no 2010.

As sucesivas revisións realizadas polo Consello Europeo para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos de Lisboa puxeron de manifesto un importante atraso respecto ao plan previsto. Así en 2005 presentouse a "Estratexia renovada de Lisboa". O seu principal propósito era dar un novo impulso ao obxectivo de Lisboa, mellorando a gobernanza da mesma para facela máis eficaz. O novo programa de acción de Lisboa tentou impulsar a produtividade e a creación de emprego e previsto accións en tres ámbitos:

- Facer de Europa un lugar máis atractivo para investir e traballar.
- Lograr que o coñecemento e a innovación sexan o motor do crecemento en Europa.
- Crear máis postos de traballo e de mellor calidade.

Así, o Consello Europeo de primavera de 2005 cualificou o coñecemento e a innovación como motores esenciais para conseguir un crecemento sustentable e creación de emprego.

A innovación volve ser ratificada en Europa como un dos factores que impulsa a mellora da produtividade, sendo esta última unha variable imprescindible para mellorar o crecemento económico. Polo menos así quedou recollido a partir de entón en todas as políticas, accións e compromisos que a UE desenvolveu e que afectaron directamente á I+D+i, como son as Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego 2005-2008, onde se manifestou a importancia de facer fincapé no investimento en coñecemento como garantía do dinamismo económico e o vigor da economía europea no seu conxunto.



O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 constrúese desde a convicción de que a realización dunha sociedade do coñecemento, baseada en políticas de capital humano, educación, investigación e innovación, é fundamental para impulsar o potencial de crecemento e preparar o futuro de Galicia, sendo referencia constante tamén na política europea de cohesión territorial como medio para transformar a diversidade nun activo que contribúa ao desenvolvemento sustentable da UE no seu conxunto.

A competitividade e a prosperidade dependen cada vez máis da capacidade das persoas e as empresas para aproveitar ao máximo os activos territoriais. Pero nunha economía mundial que está interrelacionada e que se globaliza, a competitividade depende así mesmo dos vínculos que se establecen con outros territorios para garantir a utilización de activos comúns de maneira coordinada e sustentable.

Unha cooperación capaz de aliarse cun caudal de tecnoloxía e ideas pero tamén de bens, servizos e capitais convértese nun aspecto cada vez máis vital do desenvolvemento territorial e nun factor clave para apoiar o crecemento sustentable a longo prazo da UE no seu conxunto.

A importancia da cohesión territorial quedou de manifesto nas Directrices Estratéxicas Comunitarias sobre Cohesión adoptadas polo Consello en 2006, nas que se afirmaba que "a promoción da cohesión territorial debe formar parte do esforzo necesario para que todo o territorio europeo teña a oportunidade de contribuír ao programa de crecemento e emprego" e reflexionábase sobre a necesidade de "promover a innovación, a iniciativa empresarial e o crecemento da economía do coñecemento mediante capacidades de investigación e innovación".

O coñecemento e a innovación ocupan unha posición substancial nos obxectivos europeos para favorecer un crecemento máis rápido e a creación de máis e mellores empregos. Formúlanse entón dous programas marco relacionados: o VII Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento e o Programa Marco de Competitividade e Innovación. A concordancia entre a política de cohesión e estes instrumentos é indispensable para que as políticas de investigación e de cohesión se consoliden. Nese contexto nace o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 como estratexia para lograr estes obxectivos e co reto de obter unha repercusión significativa na competitividade, elevando a capacidade de investigación e innovación e contribuíndo á participación efectiva de Galicia e do seu tecido empresarial, formado especialmente por PEMES, no Espazo Europeo da Investigación e ten como referencia estes dous programas marcos.

O Programa Marco de Competitividade e Innovación 2007-2013, contribúe á competitividade e á capacidade innovadora, cun desenvolvemento sustentable baseado nun crecemento económico equilibrado e unha economía social de mercado altamente competitiva, e cun elevado nivel de protección e mellora da calidade do medio ambiente. Os seus eixos céntranse en fomentar a competitividade das empresas e, en especial, das pequenas e medianas empresas; promover a innovación, incluída a innovación ecolóxica; acelerar o desenvolvemento dunha sociedade da información competitiva, innovadora e inclusiva e promover a eficiencia enerxética e as fontes de enerxía novas e renovables en todos os sectores, incluído o transporte.



O "Triángulo do Coñecemento" formado pola educación, a investigación e a innovación é clave para impulsar o incremento da produtividade e na práctica ten o seu referente no VII Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento que, en definitiva, promove a excelencia da investigación científica e tecnolóxica, o desenvolvemento tecnolóxico e a demostración. Na actualidade, grazas ao VII Programa Marco de I + D (o último até agora da serie de accións comunitarias dirixidas ao financiamento da investigación) chegou o momento de agrupar mellor as dispersas actividades de investigación en Europa baixo un teito común, de maneira que se poida establecer unha estrutura robusta e redes de axuda que fagan florecer a investigación e a innovación.

Esa estrutura uniforme recibe o nome de Espazo Europeo de Investigación (EEI), plataforma destinada a reagrupar e intensificar as actividades de investigación no ámbito comunitario e a coordinalas coas iniciativas nacionais e internacionais. É dicir, racionalizar as actividades de investigación e a política de innovación en toda Europa.

2.3 O contexto da I+D+i en España

España conta cun importante capital de coñecemento, no entanto, é necesario que se traduza en fonte de competitividade, de crecemento e xeración de cultura, benestar e riqueza. Neste marco hai que consolidar a excelencia científica fortalecendo a dimensión internacional da ciencia e activar definitivamente a transferencia de tecnoloxía e coñecemento ao sector produtivo á vez que se fomenta a innovación empresarial. Para iso desenvolveu un conxunto de compromisos e accións políticas que son de obrigada referencia para o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015.

A Constitución Española de 1978 atribúe ao Estado a competencia exclusiva para o fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica. Para dar cumprimento a este mandato, a Lei 13/1986 de investigación científica e técnica establece os instrumentos adecuados para definir as liñas prioritarias de actuación en materia de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, programar os recursos e coordinar as actuacións entre sectores produtivos, centros de investigación e Universidades.

A Lei 13/1986 de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica -Lei da Ciencia-, e a regulación posterior que a desenvolve, determina que a CICYT (Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía) é o órgano principal en materia de política científica e tecnolóxica, encomendándolle a elaboración das directrices xerais desta política e establece que é responsable da planificación, coordinación e seguimento do Plan Nacional de I+D+i.

Así ten entre as súas funcións a integración nos programas nacionais de I+D das iniciativas sectoriais, a proposta dos fondos públicos destinados a financiar os programas do Plan Nacional, a atribución da xestión e execución, así como a duración dos programas que integren o devandito Plan. Doutra banda, tamén é a encargada de definir as orientacións xerais das políticas a seguir en canto a formación, emprego e mobilidade do persoal investigador.

No ano 2000 creouse o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, como Departamento responsable da política de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, do desenvolvemento tecnolóxico e da ordenación das comunicacións, e co obxectivo de obter



XUNTA DE GALICIA

unha estratexia integrada da política de I+D+i da Administración do Estado, agrupando no MCYT a maior parte das competencias en materia de I+D+i.

O papel dos recursos humanos dedicados a actividades de I+D considérase estratéxico para a consecución dos obxectivos establecidos na política española de I+D, e por suposto para a consecución dos obxectivos de Lisboa que se fixou a UE para o ano 2010. Eses obxectivos reflíctense no Programa Nacional de Reformas (PNR) 2005-2010 que contempla a redución da brecha tecnolóxica de España con Europa e alcanzar a converxencia en materia de sociedade da información.

A estratexia de investigación, desenvolvemento e innovación INGENIO 2010 traslada esta prioridade ao caso de España, conformando un dos eixos de actuación principais da súa PNR. O seu contido está enfocado a resolver os desafíos máis importantes detectados no sistema español de ciencia e tecnoloxía, como a escasa cooperación entre axentes e os pobres resultados en materia de transferencia tecnolóxica e aproveitamento empresarial do coñecemento xerado. Ten así tres grandes obxectivos: aumentar até o 2% a porcentaxe do PIB destinado a I+D no ano 2010, chegar ao 55% da contribución privada en investimento en I+D en 2010 e alcanzar a media da UE na porcentaxe do PIB destinado ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

Doutra parte, recomenda dar maior prioridade ao establecemento do Sistema Integral de Avaliación e Seguimento (SISE) para que poida desenvolver plenamente as súas funcións.

INGENIO 2010, cos seus instrumentos estratéxicos (CENIT, AVANZ@ e CONSOLIDER), inspirou o deseño e o contido da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (ENCYT) consensuada coas CC.AA e do Plan Nacional de I+D+i para o período 2008-2011. Ambos os instrumentos programáticos constitúen a base para seguir avanzando na mellora do sistema de innovación español.

A ENCYT é un documento de posición deseñado polo Goberno e acordado por unanimidade na III Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada o 11 de xaneiro de 2007, no que se recollen os grandes principios e obxectivos xerais que han de rexer as políticas de ciencia e tecnoloxía, tanto nacionais como rexionais, no horizonte temporal 2007-2015. Cínguese a tres principios básicos:

- Pór a I+D ao servizo da cidadanía,
- Facer da I+D+i un factor de mellora da competitividade empresarial, e
- Recoñecer e promover a I+D como elemento esencial para a xeración de novos coñecementos.
- Ao mesmo tempo, establece seis obxectivos estratéxicos:
- Situar a España na vangarda do coñecemento,
- Promover un tecido empresarial altamente competitivo,
- Integrar e potenciar os ámbitos rexional e internacional no sistema de ciencia e tecnoloxía,
- Dispor dunha contorna favorable ao investimento en I+D+i e, por último,
- Dispor das condicións adecuadas para a difusión da ciencia e a tecnoloxía.



O VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o período 2008-2011 é o instrumento de programación con que conta o Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e no que se establecen os obxectivos e prioridades e liñas de actuación da política de investigación, desenvolvemento e innovación a medio prazo.

Os obxectivos do Plan Nacional son:

- O progreso do coñecemento e o avance da innovación,
- O desenvolvemento e o fortalecemento da capacidade competitiva da industria e, en última instancia,
- O crecemento económico,
- O fomento do emprego e
- A mellora das condicións de traballo.

O VI Plan Nacional de I+D+i perfila claramente que é necesario avanzar na mellora da formación e no impulso da investigación científica, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.

En relación co primeiro aspecto, iniciáronse importantes reformas. Aprobouse a Lei orgánica de educación e a Lei orgánica de modificación da Lei orgánica universitaria: a Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Deste xeito, as universidades deben perseguir unha mellor formación das súa poboación graduada para que sexan capaces de adaptarse tanto ás demandas sociais, como ás demandas do sistema científico e tecnolóxico. A lei recolle que "As universidades, ademais dun motor para o avance do coñecemento, deben ser un motor para o desenvolvemento social e económico do país. Xunto á investigación básica, a Universidade deberá impulsar a transferencia ao sector produtivo dos resultados da súa investigación en coordinación e complementariedade cos demais axentes do sistema de ciencia e tecnoloxía. Unha das medidas para contribuír a este obxectivo é o impulso decidido da vinculación entre a investigación universitaria e a contorna produtiva do sistema de ciencia e tecnoloxía a través da creación de institutos mixtos de investigación, que permitirán unha relación directa entre os axentes do devandito sistema. Así mesmo, prevese potenciar os mecanismos de intercambio de persoal investigador entre o sistema universitario e o produtivo".

Se as institucións de investigación son esenciais para xerar coñecemento, impulsar o resto dos axentes implicados na innovación é tamén imprescindible. Nese sentido e co obxectivo de impulsar a innovación empresarial ponse en marcha a Estratexia Estatal de Innovación, que constitúe un elemento táctico para aglutinar con sentido todas as actuacións en i+D+i a longo prazo.

No Consello de Ministros do pasado 2 de xullo de 2010 aprobouse a Estratexia Estatal de Innovación E2i que representa, a nivel nacional, unha oportunidade de expor unha política de innovación interministerial, de longo prazo, con accións estruturais. A Estratexia Estatal estrutúrase en dúas fases:



XUNTA DE GALICIA

A primeira, que abarcará do 2010-2015, pretende resolver a brecha actual entre a situación da innovación en España e a que nos corresponde pola nosa capacidade científica e económica.

E a segunda, 2016-2020, na que se buscará a converxencia cos países líderes en innovación.

Articúlase en torno ao chamado "Pentágono da Innovación": 5 eixos de actuación.

- O primeiro eixo cínguese á actualización, adecuación e produción dun ámbito financeiro favorable á innovación empresarial.
- O segundo eixo baséase no impulso a mercados innovadores e socialmente preferentes mediante a regulación e actuacións de compra pública.
- O terceiro eixo céntrase na internacionalización das actividades innovadoras.
- O cuarto eixo é o relativo á coordinación das políticas públicas a través da integración territorial, pondo o acento no tecido produtivo e as PEMES.
- O quinto eixo do pentágono da innovación é o talento e o capital humano.

A Estratexia E2i pretende contribuír ao cambio de modelo produtivo en España, acelerar a recuperación económica, xerar emprego e consolidar un crecemento máis sustentable. Todo iso achegándose aos países líderes en innovación e excedendo a media Europea actual.

Quere conseguir que no ano 2015 o investimento privado anual en I+D sexa 6000 millóns de euros máis que no 2009; que no período 2010-2015 se teña duplicado o número de empresas que fan innovación, incorporando 40.000 empresas máis; e que o número de empregos de media e alta tecnoloxía aumente no medio millón no período 2010-2015.

A Estratexia Estatal de Innovación, que constitúe o marco de referencia plurianual para acadar os obxectivos compartidos por todas as administracións territoriais, aparece como un novo instrumento de fomento e coordinación da innovación na futura Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación que comezou a elaborarse en xullo de 2008.

O pasado 19 de maio presentouse no Congreso dos Deputados para a súa tramitación parlamentaria o proxecto de lei da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación, chamada a substituír á vixente Lei de investigación científica e tecnolóxica de 1986. O novo texto, que supón a maior reforma do sistema I+D no noso país, tendo a vocación de abordar tres cuestións fundamentais:

- A eliminación de barreiras á mobilidade do persoal investigador,
- Unha maior cooperación público – privada, e
- Un modelo de xestión e financiamento independente

Con ela, búscase lograr establecer un marco xeral que fomente e coordine a investigación científica e técnica, co fin de contribuír ao desenvolvemento sustentable e ao benestar social mediante a xeración e difusión do coñecemento e a innovación.



XUNTA DE GALICIA

Entre as novidades que introduce a futura lei no marco normativo actual, atópase a eliminación do sistema de bolsas do sistema público español e a súa substitución por contratos temporais con todos os dereitos. Ademais, pretende corrixir o problema da falta de mobilidade dos investigadores e auspiciar a súa circulación por organismos públicos, universidades e o sistema privado. Á súa vez, implanta un novo tipo de contrato para investigadores distinguidos que ambiciona captar talento dos investigadores internacionais de prestixio. Contempla a creación da Axencia Estatal de Investigación como axente de financiamento do sistema, encargada de xestionar os fondos estatais e axudas en busca dunha maior eficacia para a asignación de diñeiro destinado á investigación, pero sen supor un aumento do gasto público.

No momento de redacción do presente Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, o Proxecto de lei da Ciencia, a tecnoloxía e a innovación segue en curso de tramitación parlamentaria.

2.4 Innovar en Galicia

En resposta ao mandato establecido pola Lei 12/1993, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento elaborou a proposta do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (1999-2001) que, unha vez discutido e aprobado polos órganos competentes, foi feito publico mediante Resolución do 9 de febreiro de 1999 (DOG no 38, 24 de febreiro de 1999).

O Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (1999-2001) contou cunha dotación orzamentaria de 132 millóns de euros. Desenvolveu a súa actividade en tres eixes funcionais:

- Formación de capital humano,
- Dotación de infraestruturas científico – técnicas e
- Execución de proxectos de investigación e desenvolvemento e innovación.

Durante a vixencia deste Plan avanzouse na ordenación dos grupos de investigación do sistema publico de I+D+i e incentivouse a excelencia.

Posteriormente, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento elaborou o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005, que foi feito publico mediante Resolución de 15 de marzo de 2002 (DOG no 65 de 4 de abril de 2002), contando cunha dotación total de 285 millóns de euros.

O devandito Plan respectaba a estrutura establecida pola Lei 12/1993. A filosofía do Plan consistiu en acrecentar a importancia da investigación sectorial realizada polo sistema publico de investigación e potenciar o papel das empresas no proceso de I+D+i. Ademais, co Plan culminouse a integración de todas as liñas de apoio á I+D+i da Xunta de Galicia nun só plan e nun programa orzamentario, o 432-A.

En 2003 creouse a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento dentro da Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Esta Dirección Xeral asumiu as competencias da antiga Secretaría Xeral, entre aquelas, a elaboración da proposta deste novo Plan.



XUNTA DE GALICIA

En 2005 a Consellería pasou a chamarse de Innovación e Industria, dentro da cal está a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, que ten como novidade a incorporación das competencias relativas a innovación.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de decembro de 2005 prorrogouse o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005, até a aprobación do novo plan.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (IN.CI.TE) coa misión de impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación á sociedade galega. A dotación do plan para o ano 2006 ascendía a 130,2 millóns de euros.

En 2009 a Consellería pasou a denominarse de Economía e Industria manténdose entre os seus centros directivos a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

2.5 Fundamento Normativo de referencia

A Constitución Española de 1978, no seu artigo 44.2, obriga aos poderes públicos a promover “a ciencia e mais a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral”. Así mesmo proclama, no artigo 149.1.15ª, a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica”. Previamente, no seu artigo 148.1.17ª, sinala que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura, da investigación [...] da comunidade autónoma”.

En virtude deste último precepto constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia (aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) dispón, no seu artigo 27.19ª, que corresponde á nosa Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o “fomento da cultura e da investigación en Galicia”.

En cumprimento do mencionado artigo 149.1.15ª, foi promulgada a Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, que configura a gobernanza do sistema español de ciencia e tecnoloxía e establece o Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico como instrumento para o fomento e coordinación xeral dos programas de axudas públicas que configuran a política nacional neste ámbito. Actualmente está vixente o Plan de investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011 aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión de 14 de setembro de 2007.

Polo que respecta a Galicia, o primeiro desenvolvemento lexislativo na materia foi plasmado no Decreto 19/1987, do 14 de xaneiro (DOG 4 de febreiro), polo que se creou a Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía (Cicetga), dirixida a deseñar unha política científica de coordinación dos sectores afectados, a fin de planificar e programar as prioridades científicas con forza para dar impulso ás investigacións orientadas a resultados beneficiosos para a comunidade. O decreto foi derogado ao ano seguinte pola Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Posteriormente, foi ditada a Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, que revogou a Lei 8/1988, asumindo como obxecto primordial “o fomento da investigación científica, a innovación tecnolóxica, a normalización e homologación necesarias para acelerar a integración de Galicia no mercado europeo”, ademais de promover a relación entre os centros de investigación e os sectores implicados no desenvolvemento económico e produtivo.

Ao amparo desta norma, eixe legal da I+D+i na Comunidade Autónoma, foi creado o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, o cal ten por obxecto “a coordinación dos recursos, o fomento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posible concertación con plans estatais e programas de carácter bilateral ou multilateral de comunidades autónomas”.

A Lei 12/1993 tamén prevé a creación de importantes órganos estreitamente relacionados co Plan, como a CICETGA (Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia), e o Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, que é “o vínculo efectivo entre os axentes sociais, a comunidade científica e os responsables de política científica e tecnolóxica” e que ten entre as súas funcións propoñer novos obxectivos e programas para o Plan.

En aplicación das disposicións legais descritas e da normativa reguladora da Xunta e a súa Presidencia, ditáronse diversas normas de rango regulamentario que afectan á I+D+i de Galicia. Estas son as máis destacadas:

- Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia: o seu artigo 1º recolle os distintos departamentos que integran a Xunta, situando no cuarto posto da prelación a Consellería de Economía e Industria.
- Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia: segundo o seu artigo 4º, letra a), a Consellería de Economía e Industria está composta por varios órganos superiores, entre eles a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria: o seu artigo 15º atribúe á Dirección Xeral de I+D+i “a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia [...]”; “a elaboración, xestión, coordinación e control do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica”; “a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias e funcións da consellería nas materias de innovación tecnolóxica e innovación na xestión dos sectores produtivos, de infraestruturas tecnolóxicas e de propiedade industrial e mais a xestión e utilización da rede de ciencia e tecnoloxía de Galicia (Recetga)”
- O Decreto 14/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establece a composición da Cicetga e a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 26 de outubro de 2010 pola que se nomean os seus vogais.
- O Decreto 15/2006, do 2 de febreiro, polo que se establece a composición do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Orde do 18 de novembro de 2010 pola que se dispón o nomeamento dos membros do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.



Así mesmo, os demais Departamentos ou Consellerías da Xunta de Galicia poden participar no fomento da I+D+i dentro dos seus correspondentes ámbitos sectoriais, consonte cos decretos reguladores da súas respectivas estruturas orgánicas:

- Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: sinala o seu artigo 13º que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental desenvolverá atribucións en materia de “impulso da investigación ambiental e desenvolvemento tecnolóxico”. Integrada nesta secretaría xeral está a Subdirección Xeral de Investigación, Cambio Climático e Información ambiental, que ten entre outras funcións “o impulso, desenvolvemento e coordinación de iniciativas de investigación en materia ambiental, en especial no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica” e “a planificación, deseño e realización de proxectos de investigación en colaboración cos centros de investigación nacionais e internacionais”.
- Decreto 322/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: conforme ao seu artigo 5º, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades “a promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario de Galicia para a súa posta en valor no marco do Sistema de Innovación”.
- O Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde: segundo o seu artigo 8º, correspóndenlle á Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación “a promoción, ordenación, coordinación e avaliación dos plans e programas de investigación e docencia en materia de: a elaboración de propostas e o seguimento dos programas, de docencia e investigación e a planificación, promoción e avaliación das accións de investigación [...]; a coordinación e fomento da investigación no sistema sanitario; e coordinación, control e avaliación das fundacións de investigación do sistema sanitario”.
- Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo: de conformidade co seu artigo 7, “correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura o establecemento de canles de información e promoción da investigación no eido cultural” e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural “a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación”.
- O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural: en virtude do seu artigo 8º, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais ten asignadas “as funcións de programación, coordinación e impulso da investigación, a innovación tecnolóxica e a formación no sector agrícola, gandeiro, forestal e alimentario galego”. Así mesmo, a Dirección Xeral de Montes xestiona o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.
- O Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar: o artigo 7º indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exercerá “a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e



XUNTA DE GALICIA

desenvolvemento tecnolóxico". Depende funcionalmente desta Dirección Xeral o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). Ademais á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica correspóndenlle funcións relativas ao fortalecemento da competitividade e da innovación tecnolóxica das empresas do sector pesqueiro, así como a planificación de accións para a modernización tecnolóxica do sector pesqueiro.

- O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia: en virtude do artigo 7º a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ten entre as súas funcións o "fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia".
- E por último, mencionar o Decreto 33/2007, do 1 de marzo, que crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, un órgano colexiado de asesoramento da Administración Pública Galega que ten como finalidade "incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxicos".



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 3

SISTEMA GALEGO DE I+D+i: CONCEPTUALIZACIÓN, EVOLUCIÓN E DIAGNÓSTICO



3.1 O Sistema Galego de I+D+i

Os sistemas de I+D+i están configurados polo conxunto de axentes públicos e privados presentes nun determinado espazo e que inciden, en maior ou menor medida, no desenvolvemento de actividades de xeración de coñecemento, desenvolvemento deste e innovación; de forma tal que sustentan as características, capacidades e trazos endóxeos de cada un dos devanditos axentes, o tipo de interrelacións que entre eles se producen e a forma na que estas se configuran.

Máis aló de coñecer os axentes que o conforman e as características esenciais destes, a correcta comprensión deste ecosistema no que levan a cabo as actividades de investigación e innovación e a transmisión dos seus resultados, é especialmente relevante para poder incidir e traballar non só no aumento das capacidades de cada un dos axentes do sistema de cara a crear coñecemento, desenvolve-lo e transferilo, senón tamén para comprender as interrelacións existentes entre os devanditos axentes e a forma na que estas poden producir un efecto multiplicador que redunde non só nos resultados de cada un deles senón, moi especialmente, na aceleración do proceso no conxunto do sistema.

Neste sentido, a transcendencia da comprensión da natureza e intensidade das interrelacións existentes entre os axentes dos sistemas de innovación creceu na medida en que se superaba unha concepción lineal do desenvolvemento tecnolóxico, baseada nunha consideración da tecnoloxía moi próxima á información, que concibía o seu proceso de produción como o resultado da acción secuencial das institucións de investigación e das empresas innovadoras. Fronte a esta concepción, o modelo interactivo conceptualiza a actividade innovadora como unha interacción continua entre os distintos axentes e elementos durante todo o proceso de xeración de investigación e innovación.

No caso do Sistema Galego de Innovación, os axentes que o compoñen son:

i. Universidades

A universidade é tradicionalmente o principal axente de produción de coñecemento, tal e como se pode comprobar no apartado desta mesma análise de situación no que se estuda este axente, contribuíndo simultaneamente á xeración, formación e captación de innovadores. Galicia conta con tres universidades, todas elas públicas: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Dentro delas, as OTRI (Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación) son as estruturas de interface que teñen como misión dinamizar as relacións entre o mundo científico universitario e o da empresa para o aproveitamento das capacidades de I+D e os resultados da actividade investigadora universitaria.

ii. OPI (Organismos Públicos de Investigación)

Os Organismos Públicos de Investigación (OPI) son institucións de investigación de carácter público e de ámbito nacional que, xunto coas universidades, forman o núcleo básico do sistema público de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico español, xa que executan a maior parte das actividades programadas no Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.



XUNTA DE GALICIA

Pola súa especial relevancia, merecen ser destacadas, entre eles, a delegación en Galicia da Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) que é a maior institución pública dedicada á investigación en España. Adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, a través da Secretaría de Estado de Investigación, ten como obxectivo desenvolver e promover investigacións en beneficio do progreso científico e tecnolóxico e o Centro de Supercomputación de Galicia considerado Instalación Científico – Técnica Singular. E, en concreto os Centros do CSIC en Galicia: o Centro de Investigacións Mariñas situado en Vigo, a Misión Biolóxica de Galicia, situada en Pontevedra, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, en Santiago de Compostela, e o Instituto de Estudos Galegos “Pai Sarmiento” en Santiago de Compostela.

iii. Centros hospitalarios

O Servizo Galego de Saúde conta con estruturas de apoio á investigación en materia sanitaria de elevada relevancia. Os devanditos centros, especialmente no caso dos complexos hospitalarios universitarios (Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e Complexo Hospitalario Universitario de Ourense), as fundacións de investigación sanitaria (Fundación IDICHUS, Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario de Vigo, Fundación do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, Fundación Cabaleiro Goás, Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Fundación Prof. Novoa Santos, Fundación de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario de Pontevedra) e os institutos de investigación (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela - IDIS, Instituto de investigación Biomédica da Coruña – INIBIC - e Instituto de Investigación Biomédica de Vigo – IBIV-) posúen un alto potencial como estruturas, tanto de xeración de coñecemento, como de transferencia deste.

iv. Centros tecnolóxicos

A finalidade dos Centros Tecnolóxicos é a de actuar como socios estratéxicos das empresas e ser unha ligazón áxil e eficaz de apoio á I+D+i dirixido especificamente ao sector produtivo, en especial ás Pemes, aínda que tamén colaboran coas Administracións Públicas no desempeño de actividades relacionadas coa innovación tecnolóxica.

v. Parques tecnolóxicos

O Parque Tecnolóxico de Galicia ofrece servizos avanzados para empresas de base tecnolóxica e elevado perfil innovador. O seu obxectivo é apoiar a innovación, fomentar a transferencia de coñecemento e tecnoloxía e favorecer a creación e o crecemento de empresas.

vi. Plataformas tecnolóxicas

A rede de plataformas tecnolóxicas de Galicia ten como obxectivo ser un medio que facilite o intercambio de experiencias e un elemento de vinculación entre os axentes dos sectores que as conforman.

vii. Clústers



XUNTA DE GALICIA

Os clústers constitúense co obxectivo de lograr a cooperación e integración do conxunto de empresas e axentes relacionados cun sector produtivo determinado, co obxectivo de alcanzar un maior nivel de competitividade.

viii. Asociacións empresariais

Diferentes asociacións, confederacións, etc., de empresarios galegos.

Entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, con capacidade demostrada de actividades de I+D+i, incluídos os axentes sociais que realicen actividades relacionadas coa I+D+i.

ix. Empresas

Configuración do tecido empresarial galego, onde a maioría son pequenas e medianas empresas (especialmente micropemes).

x. Fontes de financiamento privado


Neste grupo englóbanse todas as fontes privadas, de moi diferente natureza, con capacidade de dotar de crédito ás empresas ou organizacións para financiar as súas actividades de innovación.

xi. Viveiros e Outros axentes

Os viveiros de empresas están destinados a favorecer a posta en marcha e o desenvolvemento das empresas que están a comezar a súa actividade.

Podendo caracterizar a grandes liñas estes axentes en función da súa vinculación público/privada e da intensidade e peso das súas actividades dirixidas a atender o mercado e xerar coñecemento da forma que se visualiza no seguinte gráfico

gráfico 3.1 O Sistema Galego de I+D+i





Fonte: elaboración propia

A partir desta perspectiva de composición do Sistema Galego de I+D+i, o proceso de abordar un diagnóstico da súa situación e evolución require establecer previamente unha priorización dos elementos característicos que mellor nos poidan servir para caracterizar o hábitat natural sobre o cal actuará o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, co fin de que esta adquira unha natureza de ferramenta de máxima eficacia orientada a favorecer a vertebración e fortalecemento do Sistema rexional de I+D+i, como medio cara ao desenvolvemento do conxunto da economía galega.

Con este fin, concretáronse unha serie de ámbitos considerados como fundamentais á hora de visualizar e establecer esta caracterización e que configuran a columna vertebral da análise da situación realizada:

- Datos xerais do Sistema Galego de I+D+i. A intensidade da I+D+i en Galicia.
- A innovación no sector empresarial en Galicia. Manifestacións Económicas e Empresariais da Innovación.
- Estruturas de relación interempresarial.
- Incidencia do Sector Público.
- Relación do Sector Financeiro coa I+D.
- Sistema de Educación Superior e formación.
- A situación do Sistema Galego de I+D+i no Contexto Internacional.

Todo iso sen perder de vista as tendencias existentes tanto a nivel nacional e internacional nun ámbito tan dinámico e global como son as actividades de I+D+i.

Por outra banda, no momento de elaboración do presente diagnóstico o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica continúa vixente, e non se contará con datos definitivos sobre o seu nivel de execución ata previsiblemente mediados do ano 2011. Por este motivo, a análise do IN.CI.TE. non se inclúe dentro deste apartado de diagnóstico, incorporándose o estudo de todos os seus datos dispoñibles ata a data actual no ANEXO II, aínda que as súas conclusións se contemplan igualmente dentro das referidas máis adiante neste mesmo apartado.

3.2 Datos xerais do Sistema Galego de I+D+i. A intensidade da I+D+i en Galicia.

Nun contexto como o actual, marcado por unha gran crise internacional estendida nun mundo cada vez máis global, o papel da innovación como factor chave da competitividade, o desenvolvemento e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de bonanza económica.

Neste capítulo do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 procederemos a analizar a evolución das variables que caracterizan os elementos máis significativos sobre os que se constrúe, define e afianza a innovación dun país, como son o seu esforzo investidor en investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico; o seu esforzo para dotarse de recursos humanos con talento, capacitados para adquirir coñecementos e desenvolver tecnoloxía e para asumir os retos marcados neste ámbito; a potenciación daquelas




organizacións e institucións capaces de xerar coñecemento e a valorización deste; o desenvolvemento dun tecido empresarial capaz de aproveitar as fontes de coñecemento, alá onde se atopen, para desenvolver modelos de negocio e producir produtos e servizos competitivos; ou o grao de concienciación dos diferentes axentes do sistema de innovación da necesidade de acudir a fontes internacionais onde adquirir financiamento, e contrastar o grao de competitividade dos seus proxectos.

Aínda que a nivel global podemos afirmar que o Sistema Galego de I+D+i experimentou un forte crecemento, conforme se desenvolvía e fortalecía a institución autonómica, froito do innegable esforzo realizado polo noso país no seu afán por afianzar a construción dun modelo económico no que o peso do coñecemento e a innovación sexan cada vez maiores, non é menos certo que os datos alcanzados non poden senón facernos máis conscientes do camiño que nos queda por percorrer para acadar os retos que neste ámbito temos por diante.

Como premisa básica habemos de ter presente que os datos estatísticos dos que dispomos sitúan, en moitos dos casos, a foto da situación sobre a que extraer conclusións no ano 2008. Ano no que se acelerou na economía mundial unha situación de profunda crise económica que tivo o seu reflexo nunha caída histórica tanto do PIB como do comercio mundial, que tiveron un efecto inmediato en numerosos estados, entre eles España, no forte crecemento do desemprego, que se produciu no marco dunha crise financeira internacional que deveu nun incremento significativo da dificultade para obter financiamento tanto no ámbito privado como no público; factores todos eles que se trasladaron de forma case inmediata na economía galega, polo que é previsible un punto de inflexión na serie de datos a partir desa data, como consecuencia da ruptura estrutural do modelo de crecemento e desenvolvemento económico máis ou menos sostido nos últimos vinte e cinco anos.

Os datos, tal e como se pode observar no gráfico 3.2, reflicten con claridade o esforzo que realizou Galicia nos últimos anos no ámbito da I+D+i para intensificar a realización de actividades tendentes a impulsar o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento, como alicerce sobre o que construír o benestar dos seus cidadáns. Esforzo que aínda se observa mellor se botamos a vista aínda máis atrás e constatamos que os gastos en I+D en Galicia multiplicáronse por 16 nos últimos vinte anos, duplicando o incremento dos mesmos no conxunto de España; de forma tal que os gastos de Galicia en I+D+i pasaron de supor o 2,1% dos gastos totais do estado español en I+D no ano 1988 ao 4,0% no ano 2008 (porcentaxe que aínda segue afastada do peso de Galicia no estado Español tanto en termos de PIB - o 5,2% - ou en poboación).

gráfico 3.2 Evolución do gasto de I+D+i en Galicia




Fonte: INE. Elaboración Propia

Esta evolución é especialmente destacable se temos en conta que a estrutura socio económica de Galicia non facilitaba a evolución positiva destes datos. Así, a evolución demográfica marcada polo progresivo envellecemento da poboación (aspecto que sen dúbida segue sendo un dos retos de Galicia dada a previsión de diminución do 12,4% da súa poboación no período 2007-2030, á vez que se acelera o seu grao de envellecemento cun incremento de case o 10% da poboación maior de 65 anos para o mesmo período), o maior peso do sector primario na economía galega, un desenvolvemento empresarial atomizado non demasiado articulado e sen unha masa crítica de nodos e redes tractoras, son aspectos todos eles que non favorecen o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.

Pero, máis aló do recoñecemento deste esforzo, tal e como queda reflectido no gráfico 3.3, o camiño percorrido non foi suficiente para situar o esforzo galego en I+D+i nin aos niveis de España nin de Europa. O déficit acrecéntase se comparamos os datos galegos cos obxectivos fixados no seu día para poder situar a economía e empresas galegas nos graos de competitividade aos que aspiraban os obxectivos fixados no ano 2002 polos xefes de Estados dos países Europeos en Barcelona, nos que se marcou como obxectivo que o gasto en innovación e desenvolvemento fose, no ano 2010, equivalente a un 3% do Produto Interior Bruto da Unión Europea (debendo de executar idealmente a empresa privada as 2/3 partes dese gasto).

gráfico 3.3 Evolución do esforzo en I+D+i en Galicia, España, UE-27 e OCDE (Gasto en I+D+i/PIB)




Fonte: INE, OCDE. Elaboración Propia

Neste sentido, segundo os datos do INE, o gasto en I+D en Galicia situouse no ano 2008 en 584.213.000 €, cun crecemento do 5,14% sobre o ano anterior, que supoñen un 4,0% do investimento no conxunto de España, cifra significativamente inferior á que lle correspondería polo seu peso en PIB ou poboación (5,9%), acadando o gasto en I+D por habitante en Galicia un importe de 209,83 €, fronte aos 318,50 € por habitante para o conxunto de España. O dito investimento supón un 1,04% do PIB da Comunidade Autónoma, de forma que o esforzo anual en I+D+i en Galicia sitúase claramente por baixo da media española e moi lonxe das comunidades autónomas máis conscientes da necesidade deste tipo de investimento, tal e como se pode observar no gráfico 3.4.


Se se amplía a visión da nosa análise e observamos un espazo temporal máis amplo, constatamos que o incremento anual do esforzo galego en I+D+i para o período 2003 – 2008 alcanza o 11,54%, situándose tamén desde esta perspectiva temporal por baixo do esforzo do conxunto do Estado español tal e como se pode observar no gráfico 3.5.

gráfico 3.4 Esfuerzo en I+D+i das CC.AA. Ano 2008 (Gastos I+D/PIB)



Fonte: INE. Elaboración Propia

gráfico 3.5 Incremento medio anual dos gastos de I+D+i en Galicia e España (período 2003-2008)




Fonte: INE. Elaboración Propia

Agora ben, o insuficiente investimento en I+D+i en Galicia en termos de esforzo absoluto, non debe levarnos a ignorar o esforzo que este supón en termos relativos, de forma que, tal e como se observa gráfico 3.6 e gráfico 3.7, o esforzo galego en I+D+i en función do PIB per cápita sitúase por encima do esforzo que realizan un número significativo de CC.AA con PIB per cápita superior.




gráfico 3.6 Esfuerzo en I+D+i/PIB en función do PIB per cápita por CC.AA. no ano 2008



Fonte: INE. Elaboración Propia

gráfico 3.7 Esfuerzo en I+D+i/Poboación en función do PIB per cápita por CC.AA. no ano 2008




Fonte: INE. Elaboración Propia

Unha análise máis en profundidade dos datos, permite concluír que a base fundamental da menor intensidade de gasto en I+D+i en Galicia en comparación coas cifras do conxunto do Estado derívase fundamentalmente da debilidade do investimento en I+D+i do sector empresarial, tal e como se observa visualmente no gráfico 3.8, gráfico 3.9 e gráfico 3.10.


Así, mentres o gasto executado en I+D+i polo sector empresas + ISPFL (institucións privadas sen fins de lucro) en España durante o ano 2008 representa o 55,1% do gasto total en I+D+i, en Galicia, o gasto empresarial + IPSFL representa tan só o 48,1% do total; porcentaxe que se sitúa significativamente por baixo do obxectivo fixado no seu día para o conxunto de Europa nos obxectivos de Barcelona (onde se fixaba un obxectivo para o investimento empresarial privado en I+D+i do 75%).

gráfico 3.8 Evolución dos gastos de I+D+i en Galicia por sector de execución (período 2003 – 2008)




Fonte: INE. Elaboración Propia

gráfico 3.9 Evolución dos gastos de I+D+i en España por sector de execución (período 2003 – 2008)



Fonte: INE. Elaboración Propia


gráfico 3.10 Evolución dos gastos de I+D+i nas CC.AA por sector de execución



Fonte: INE. Elaboración Propia



gráfico 3.11 Incremento comparativo dos gastos de I+D+i por sector de execución España vs. Galicia (en % período 2003 - 2008)



Fonte: INE. Elaboración Propia

Se observamos comparativamente a evolución dos gastos en I+D+i, por sector de execución, en Galicia vs. España, tal e como se recolle no gráfico 3.11, os datos amosan un menor incremento no que se refire aos gastos dos sectores ensino superior e administración pública, que non pode ser compensado polo maior incremento do investimento en I+D+i do sector empresarial galego fronte ao do conxunto de España, incremento este que tampouco serve para reducir considerablemente a distancia que separa ao investimento empresarial en I+D+i galego do español, que é aínda demasiado ampla e dificilmente asumible por un sistema de innovación que aspire a ser eficaz, atopándose moi lonxe das porcentaxes daqueles territorios que lideran o mapa de innovación global, tal e como se deduce dos datos recollidos no gráfico 3.12.


Por todo isto, podemos concluír que o esforzo do investimento en I+D+i en Galicia, a pesar de ser relevante especialmente no ámbito dos axentes públicos, non foi suficiente para conseguir facernos converxer con España, e menos aínda con Europa ou cos países da OCDE, nun aspecto tan decisivo como é a intensidade de actividade en I+D+i, localizándose o maior déficit no ámbito do investimento en I+D+i empresarial, mostrándose deste xeito que as políticas levadas a cabo non conseguiron salvar o déficit neste aspecto.

Pero se o investimento global en I+D+i é un aspecto relevante non o é menos a situación dos recursos humanos destinados a esta actividade.

O capital humano dun país é un dos elementos chave para poder construír unha economía baseada no coñecemento e a innovación; sen uns recursos humanos capacitados e formados, sen unha masa crítica significativa de investigadores, tecnólogos e xestores de innovación capacitados e que busquen a Excelencia, resulta moi complicado, por non dicir imposible, poder facer transitar unha sociedade cara a un modelo onde a xeración de coñecemento, a súa transferencia e a innovación ocupan o papel que todos desexamos. É por iso que, á hora de elaborar un diagnóstico do sistema de innovación, resulta imprescindible achegarse a analizar e valorar tanto os recursos humanos dedicados a I+D+i no sistema, e o nivel educativo da sociedade na que este se insire.



gráfico 3.12 Comparativo en I+D realizado polo sector empresarial (2007)




Fonte: INE. Elaboración Propia

Segundo datos do INE, no ano 2008 había en Galicia 9681 traballadores (en equivalencia a xornada completa ou EXC) dedicados a actividades de I+D+i (persoal investigador e auxiliar), o que supuña o 8,1 por mil do total da poboación ocupada, acadando neste aspecto a nosa comunidade autónoma, tal e como se pode observar no gráfico 3.13, un posto intermedio no conxunto das comunidades autónomas españolas, afastada aínda das cifras do conxunto de España (10,6 persoas por cada mil activas).



gráfico 3.13 Persoal en I+D+i por CC.AA (en EXC) ano 2008 (% respecto poboación ocupada)



Fonte: INE. Elaboración Propia

Como sucedía no caso das cifras de investimento, o gráfico 3.13 móstranos que o déficit no número de ocupados nas actividades de I+D Galicia non se distribúe por igual en todos os sectores. Así, mentres no caso das administracións públicas galegas e no sector empresarial e IPSFL galegos, o persoal en I+D+i sobre a poboación ocupada sitúase claramente por baixo do total de España, no sector do ensino superior a porcentaxe de persoas ocupadas I+D+i en Galicia e en España coinciden, tal e como amosan os datos recollidos na táboa 3.1 e no gráfico 3.14 e gráfico 3.15. Desta forma, mentres o persoal de I+D+i galego do sector de ensino supón o 5,9% do persoal de I+D+i, no devandito sector, para o conxunto de España; no caso do sector empresarial e no das administracións públicas o persoal galego dedicado a I+D+i supón o 3,7% e o 3,5% respectivamente, observándose pois un significativo déficit en ambos os sectores.


táboa 3.1 Persoal en I+D+i por sectores (en EXC) España vs. Galicia Ano 2008

	Total Persoal en I+D en EXC (% sobre poboación ocupada)	Sector Empresas e IPSFL	Sector Administración Pública	Sector Ensino Superior
Total España	10,6	4,7	2,0	3,9
Galicia	8,1	3,0	1,2	3,9

Fonte: INE. Elaboración Propia




gráfico 3.14 Distribución do persoal en I+D+i por Sectores de Ocupación en España, ano 2008



Fonte: INE. Elaboración Propia

gráfico 3.15 Distribución do persoal en I+D+i por Sectores de Ocupación en Galicia, ano 2008




Fonte: INE. Elaboración Propia

Se examinamos a tendencia do número de persoas dedicadas á I+D+i en Galicia e en España, tal e como se recolle no gráfico 3.16, podemos ver que, mentres que no caso do sector do ensino superior o incremento anual para o período 2003 – 2008 se sitúa en liña coa evolución española, os incrementos de persoal dedicado a este tipo de actividades no sector empresas+ IPSFL e no de administración pública en Galicia non manteñen o ritmo do crecemento español para este período.



gráfico 3.16 Incremento anual en persoal de I+D en Galicia e en España (período 2003-2008)



Fonte: INE. Elaboración Propia

A debilidade de Galicia no que se refire ao persoal de I+D que realiza a súa actividade no sector empresarial e IPSFL obsérvase con claridade na táboa 3.2 na que se recolle o peso do persoal dedicado a I+D+i de cada unha das comunidades autónomas sobre o conxunto de España:

táboa 3.2 Persoal dedicado a I+D+i nas CC.AA. por sectores (en EXC)

	Empresas e IPSFL	%	Administración Pública	%	Ensino Superior	%
TOTAL	95.691	100	41.139	100	78.846	100
Galicia	3.557	3,7	1.470	3,6	4.654	5,9
Andalucía	6.337	6,6	5.683	13,8	11.207	14,2
Aragón	2.724	2,8	1.256	3,1	2.933	3,7
Asturias	1.463	1,5	622	1,5	1.493	1,9
Baleares (Illas)	402	0,4	482	1,2	844	1,1
Canarias	651	0,7	1.311	3,2	2.560	3,2
Cantabria	717	0,7	394	1	812	1
Castela e León	4.348	4,5	921	2,2	4.932	6,3
Castela- A Mancha	1.486	1,6	509	1,2	1.247	1,6
Cataluña	24.757	25,9	7.812	19	13.952	17,7
Comunidade Valencíá	7.371	7,7	2.748	6,7	9.370	11,9
Estremadura	454	0,5	473	1,1	1.296	1,6



	Empresas e IPSFL	%	Administración Pública	%	Ensino Superior	%
Madrid	23.586	24,6	15.365	37,3	14.221	18
Murcia	1.399	1,5	705	1,7	3.667	4,7
Navarra	3.070	3,2	309	0,7	2.031	2,6
País Vasco	12.673	13,2	845	2,1	3.165	4
Rioxa (A)	696	0,7	232	0,6	394	0,5
Ceuta e Melilla	0	0	4	0	71	0,1

Fonte: INE. Elaboración Propia


Se cinguimos o ámbito de análise ao número de investigadores, as cifras destes, 5746 no caso de Galicia e 130.986 para o conxunto de España segundo datos do INE, reflicten un mantemento das tendencias xa indicadas para o persoal de I+D+i, observándose unha vez máis un forte desequilibrio entre os diferentes sectores de execución de gasto e unha evolución que non foi capaz de salvar o gap existente.

táboa 3.3 Persoal investigador por sectores (en EXC) España vs. Galicia, ano 2008

	Total Persoal en I+D en EJC (% sobre poboación ocupada)	Sector Empresas e IPSFL	Sector Administración Pública	Sector Ensino Superior
Total España	6,5	2,3	1,1	3,0
Galicia	4,8	1,3	0,7	2,8

Fonte: INE. Elaboración Propia


gráfico 3.17 Distribución dos investigadores por Sectores de Ocupación en España, ano 2008.



Fonte: INE. Elaboración Propia




gráfico 3.18 Distribución dos investigadores por Sectores de Ocupación en Galicia, ano 2008




Fonte: INE. Elaboración Propia

gráfico 3.19 Comparativo de Investigadores por CC.AA (en EXC) ano 2008. (% respecto poboación ocupada)



Fonte: INE. Elaboración Propia


gráfico 3.20 Evolución do número de investigadores en Galicia



Fonte: INE. Elaboración Propia



gráfico 3.21 Evolución do núm. de investigadores en España




Fonte: INE. Elaboración Propia

Dos datos conclúese pois, que aínda que tanto a porcentaxe sobre a poboación activa de persoas dedicadas a actividades de I+D+i en Galicia como o de investigadores, sitúase lonxe no seu conxunto das recomendacións da OCDE (fixa o cociente obxectivo de investigadores ao redor dun 8% dos ocupados), este déficit é especialmente significativo no ámbito empresarial e IPSFL.

Unha vez realizada unha primeira aproximación ás cifras máis indicativas da situación comparativa de Galicia no que se refire ao esforzo realizado en I+D+i, abordaremos agora un achegamento xeral aos resultados desta, aínda que moitas das súas dimensións serán consideradas nos apartados específicos dos distintos axentes do sistema galego de I+D+i; non obstante, entendemos que debemos de determinar neste punto a realidade galega no que respecta aos procesos de protección industrial e patentes, un instrumento especialmente útil para medir a capacidade de xeración de coñecemento tecnolóxico dun sistema de innovación.

Tal e como se pode observar na táboa 3.4 e no gráfico 3.22, os incrementos no número de patentes nacionais solicitados desde Galicia foron significativos, se ben aínda se atopan a niveis insuficientes e moi afastados de comunidades como Cataluña, Navarra, País Vasco ou Madrid.

gráfico 3.22 Ratio de crecemento anual, por CC.AA, de solicitudes de patentes en OEPM (2003-2008)



Fonte: INE. Elaboración Propia



táboa 3.4 Datos de patentes solicitadas por CC.AA (período 2003-2008)

CC.AA.	Patentes Solicitadas 2008	Solicitudes/ mil habitantes 2008	Patentes Solicitadas 2003-2008	% Patentes Solicitadas/Total España 2003-2008
TOTAL	3.599		18.636	100,00%
Galicia	176	63	796	4,27%
Andalucía	433	53	2.034	10,91%
Aragón	204	154	991	5,32%
Asturias	60	56	281	1,51%
Baleares	53	49	277	1,49%
Canarias	59	28	320	1,72%
Cantabria	22	38	150	0,80%
Castela e León	108	53	604	3,24%
Castela Mancha	60	23	394	2,11%
Cataluña	756	103	4.424	23,74%
Com. Valenciá	394	78	2.264	12,15%
Extremadura	32	29	169	0,91%
Madrid	797	127	3.568	19,15%
Murcia	70	49	350	1,88%
Navarra	111	179	619	3,32%
País Vasco	230	107	1.225	6,57%
A Ríoxa	27	85	147	0,79%
Ceuta e Melilla	2	-	4	0,02%
Non Consta	5		19	0,10%

3.3 Manifestacións Económicas e Empresariais da Innovación


Pero a innovación non é un obxectivo finalista en si mesmo. O realmente transcendente dela é a súa capacidade para influír no ecosistema no que realiza os seus efectos, no fortalecemento e crecemento da economía e no incremento da competitividade das empresas.



Neste sentido, e tomando como datos de análise os obtidos da enquisa PITEC, procedeuse a analizar os efectos dos investimentos en innovación nos resultados empresariais e tecnolóxicos durante o período 2005-2008.

No apartado de resultados económicos das empresas innovadoras sobre as non innovadoras para o conxunto de España (gráfico 3.23), da análise dos datos dedúcese que as empresas innovadoras obteñen durante o ano seguinte melloras en ámbitos de gran transcendencia empresarial como son: Melloras en Produtividade (cun aumento dun 10,2% sobre a evolución das organizacións non innovadoras); Incremento das vendas (+ 4,3%), e variación do emprego (3,5%) de forma que contrastamos empiricamente que unha empresa innovadora vai xerar emprego con maior rapidez que unha non innovadora.

gráfico 3.23 Resultados da Innovación nas Empresas Españolas



Fonte: PITEC, Elaboración Propia

Especialmente relevantes son os resultados que se obteñen se, usando como filtro as empresas con gasto en innovación, vemos os efectos positivos que ten sobre os seus resultados o incremento do orzamento de innovación. Tal e como se pode observar nos resultados recollidos na táboa 3.5, naquelas empresas españolas que innovan o aumento dun 1% do orzamento de innovación producen un aumento dun 20,1% das súas vendas, un aumento dun 10,9% en produtividade (vendas por empregado), un aumento dun 31,9% en investimento bruto total e un aumento dun 7,8% na cifra de exportacións.

Estes efectos positivos obsérvanse tamén se a variable independente que consideramos é o incremento do orzamento de innovación por empregado, e así un aumento dun 1% do orzamento de I+D+i deste tradúcese nun aumento dun 27,1% en investimento bruto por empregado e nun aumento dun 15,4% na cifra de exportacións por empregado.



táboa 3.5 Resultados económicos da Innovación nas Empresas Españolas

	Efecto
Impacto da realización de gasto en innovación nos resultados económicos	
05-08 A.09.a.-Produtividade por empregado	10,2%
05-08 A.11.a.-Variación das vendas	4,3%
05-08 A.12.a.-Variación do emprego	3,5%
Impacto da contía do gasto en innovación nos resultados económicos	
05-08 A.15.-Vendas	20,1%
05-08 A.16.-Produtividade por empregado	10,9%
05-08 A.17.-Investimento bruto	31,9%
05-08 A.18.-Exportacións	7,8%
Impacto da contía do gasto en innovación por empregado nos resultados económicos	
05-08 A.20.-Produtividade por empregado	8,2%
05-08 A.21.-Investimento bruto por empregado	27,1%
05-08 A.22.-Exportacións por empregado	15,4%
Impacto das innovacións de PRODUTO xeradas durante os tres últimos anos sobre	
05-08 A.23.a.-Produtividade por empregado	7,8%
Impacto das innovacións de PROCESO xeradas durante os tres últimos anos sobre	
05-08 A.23.a.-Produtividade por empregado	7,7%

Fonte: PITEC, Elaboración Propia

En canto aos efectos dos resultados tecnolóxicos das empresas innovadoras españolas en comparación coas non innovadoras, obsérvase que as empresas innovadoras obteñen, ao ano seguinte de realizar os investimentos, un incremento significativo nos seus resultados tecnolóxicos (un 42,2% máis de innovacións de produto; 39,6% innovacións de proceso; un 34,5% en innovacións organizativas; un 31,4% de innovacións de comercialización).


Simultaneamente, tamén se observa como o investimento en I+D empresarial se traduce en melloras significativas na protección do coñecemento: 23% máis en solicitude de patentes, 6,9% rexistro de modelos industriais e 21,5% adicional no rexistro de marcas.

Se o estudo o circunscribimos ás empresas galegas, a análise dos datos do PITEC durante ese mesmo período temporal 2005 – 2008, móstranos que un aumento do 1% do orzamento de innovación dunha empresa galega tradúcese en incrementos dun 9,9% en



produtividade, un 20% en vendas e un 35,8% en investimento bruto, tal e como queda reflectido no gráfico 3.24.

gráfico 3.24 Resultados da innovación nas Empresas Galegas



Fonte: PITEC, Elaboración Propia

En canto aos resultados tecnolóxicos dos investimentos en I+D+i das empresas galegas, a análise da enquisa PITEC, móstranos que un aumento dun 1% no orzamento de innovación en empresas innovadoras galegas supón un incremento dun 7,7% en innovacións de produto, 0,3% en innovación de proceso, 0,1% en solicitude de patentes e dun 5,1% en exportación.

Doutra banda, as motivacións deste gasto medran un 7% en aumento de gama de bens e aumento de mercado, un 7,7% de mellora de calidade de bens, un 6,8% de mellora da flexibilidade da produción, un 3,5% en aumento da capacidade de produción, un 4,6% en mellora do impacto ambiental e un 6,6% en cumprimento do regulamento.

Pero a pesar de que os datos amosan a bondade e efectos que ten o investimento en I+D+i nos resultados empresariais, un dos elementos que caracterizan a actividade innovadora en Galicia é a debilidade da innovación no sector empresarial, tal e como mostran os gráficos xa comentados ao principio deste mesmo apartado. De tal maneira que, en termos comparativos, o sector privado galego presenta unha menor propensión a executar actividades de innovación que o conxunto da economía española.

Así, mentres que como media en España o conxunto do sector privado (empresas e entidades privadas sen ánimo de lucro) son responsables dun gasto interno en I+D+i equivalente ao 0,83% do valor total da produción, en Galicia esta porcentaxe redúcese ao 0,55%.


Este déficit no investimento empresarial galego en I+D+i obsérvase claramente nos datos da enquisa da innovación tecnolóxica en empresas do INE, situándose Galicia entre as



XUNTA DE GALICIA

comunidades con menor cociente de crecemento dos investimentos empresariais en actividades innovadoras (gráfico 3.25).


gráfico 3.25 Ratio de crecemento anual dos gastos en actividades innovadoras das CC.AA (2003 – 2008)



Fonte: INE, Elaboración Propia

Unha tendencia que tamén se aprecia nos resultados que mostra a enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas españolas realizadas polo INE, é a relativa á porcentaxe de empresas galegas que realizaron innovacións tecnolóxicas (entendendo por estas o lanzamento ou realización de produtos e/ou procesos tecnoloxicamente novos ou a realización de melloras tecnoloxicamente importantes nos xa existentes) no ano 2008 sobre o total de empresas de Galicia, que se sitúa no 9,48% fronte ao 10,57% do conxunto de España (10,38% vs. 12,53% se observamos o período 2006 – 2008), reflectíndose a evolución desta comparación durante o período 2005 – 2008 no gráfico 3.26.

gráfico 3.26 Porcentaxe de Empresas Innovadoras en Galicia vs. España






Fonte: INE, Elaboración Propia

Situándose as cifras galegas moi lonxe das comunidades con maior capacidade de innovación (Navarra, Euskadi, A Rioxa ou Aragón) tal e como se observa no gráfico 3.25.


gráfico 3.27 Porcentaxe de empresas que innovaron sobre o total de empresas, por CC.AA en % (período 2006 – 2008).



Fonte: INE, Elaboración Propia

Pola contra, no que se refire á intensidade da innovación, os datos do INE amosan que aquelas empresas galegas que asumen procesos de innovación destinan a esta actividade unha porcentaxe da súa cifra de negocios superior ao do conxunto das empresas españolas con actividade innovadora (gráfico 3.26).

gráfico 3.28 Intensidade Innovadora nas empresas con procesos de innovación en Galicia vs. España



Fonte: INE, Elaboración Propia

Os datos do déficit de investimento en I+D do sector empresarial en Galicia, en comparación tanto co peso destes no conxunto de España, UE ou OCDE, como en especial medida con respecto aos obxectivos fixados, veñen agravados polo feito de que unha parte



XUNTA DE GALICIA

significativa destes (maior que no caso do conxunto de España) proveña á súa vez de fondos públicos, tal e como se deduce da táboa 3.6, que mostra as fontes dos fondos que investiron as empresas galegas e do resto de España no ano 2008, e que reflicten que naquelas empresas que invisten en I+D+i, a media de achega a I+D interna por parte dos fondos propios das empresas Galegas sitúase no 72%, unha porcentaxe significativamente inferior á que alcanza esa media no resto de España, onde se sitúa nun 83%.

Esta diferenza tamén é importante nas subvencións por parte da Administración Central (o 6,23% no resto de España contra o 4,15% en Galicia). Este diferencial, no entanto, corríxese en boa medida grazas ás subvencións das administracións autonómicas e locais, sendo a media para o resto de España dun 5,88% e en Galicia dun 20,87%; feito que marca o peso relativo da achega publica á I+D interna que é do 26,13% en Galicia fronte ao 13,35% do resto de España.

Tamén se pode observar unha maior achega por parte das universidades nacionais en Galicia (0,51%) respecto ao resto de España (0,03%), e en cambio unha menor participación das empresas de Galicia nos programas de UE (0,82% no resto de España fronte ao 0,11% en Galicia).

táboa 3.6 Fontes dos Fondos investidos en I+D+i polo sector Empresas + IPSFL

Media	Empresas con I+D interna	
	Resto España	Galicia
	(A)	(B)
F1 -Fondos propios	83,35	72,15
F2 -Fondos doutras empresas españolas do grupo	0,48	0,1
F3 -Fondos doutras empresas españolas públicas	0,31	0
F4 -Fondos doutras empresas españolas privadas e asociacións de investigación	0,9	0,99
FONEMPR - Gastos en I+D interna financiados con fondos doutras empresas	1,7	1,09
F5 -Subvencións da Administración Central do Estado	6,23 B	4,15
F6 -Contratos coa Administración Central do Estado	0,94	0,34
F7 -Subvencións das Administracións Autonómicas e Locais	5,88	20,87 A
F8 -Contratos coas Administracións Autonómicas e Locais	0,3	0,76
FONPUBLI - Gastos en I+D interna financiados con fondos públicos	13,35	26,13
F9 -Fondos de universidades nacionais	0,03	0,51 A
F10 -Fondos das IPSFL nacionais	0,16	0,01
F11 -Fondos de empresas estranxeiras do mesmo grupo	0,43	0
F12 -Fondos doutras empresas estranxeiras	0,09	0
F13 -Fondos de programas da UE	0,82 B	0,11



XUNTA DE GALICIA

Media	Empresas con I+D interna	
	Resto España	Galicia
F14 -Fondos de AAPP estranxeiras	0,03	0
F15 -Fondos de universidades estranxeiras	0,02	0
F16 -Fondos de IPSFL estranxeiras	0	0
F17 -Fondos doutras organizacións internacionais	0,02	0
FONEXTR - Gastos en I+D interna financiados con fondos estranxeiros	1,6	0,64
FONOTREX - Gastos en I+D interna financiados con fondos estranxeiros non correspondentes a programas da Unión Europea	0,78	0,52

Fonte: INE, Elaboración Propia

Pero sen ningunha dúbida, os datos que vimos observando relativos ao investimento das empresas galegas en I+D+i non son alleos á propia estrutura sectorial da economía galega (cun peso significativo do sector primario e da construción) menos intensivos en actividades de I+D+i. De feito, a análise comparativa das cifras da contabilidade rexional permite observar a seguinte distribución comparativa dos elementos que conforman o Valor Engadido Bruto por ramas de actividade, en Galicia e no conxunto de España.

táboa 3.7 Distribución comparativa da distribución do VEB por ramas de actividade

	Galicia	España
Agricultura, gandería e pesca	4,30%	2,45%
Enerxía	3,57%	2,52%
Industria	13,10%	12,62%
Construción	12,58%	10,74%
Servizos	66,44%	71,67%
Valor engadido bruto total	100,00%	100,00%

Fonte: INE. Contabilidade Rexional de España. Ano 2009. Primeira estimación

Desde un punto de vista cuantitativo, as maiores diferenzas na composición do VEB atópanse concentradas ao redor da maior participación do sector primario e o sector construción, en Galicia, en relación co conxunto de España. As diferenzas rexistradas nos sectores anteriormente sinalados, xunto cos menores diferenciais favorables a Galicia, que se rexistran nas ramas de enerxía e industria, son compensadas na rama do sector servizos.

Por outra banda, se acudimos ao Informe de Comercio Exterior de Galicia (IGE), podemos concluír que, a teor dos principais produtos que conforman o intercambio de exportacións e importacións galegas, o peso tecnolóxico asociado ás industrias produtoras dos principais bens e servizos sitúanse nun nivel de tecnoloxía de intensidade media – alta e media, onde destaca o peso do material de transporte, que representou o 24,64% das




importacións totais e o 43,81% das importacións totais no período xaneiro – febreiro de 2010, seguido da exportación de combustíbles minerais e a importación de peixes e mariscos, sectores estes últimos de menor intensidade tecnolóxica.

Un segundo elemento explicativo do diferencial do esforzo innovador que se rexistra no sector privado galego atopárase relacionado coa dimensión empresarial que se rexistra en Galicia, onde a maior parte das empresas non superarían o tamaño de microempresa (tal e como se deduce dos datos do INE, o 95,03% do total das empresas galegas disporían dun persoal inferior aos dez traballadores). Esta circunstancia supón un condicionante crítico no referente á capacidade de emprender accións de innovación, xa que a súa reducida dimensión dificulta a posibilidade de dispor de orzamentos específicos, ou de recursos especializados na realización de actividades de I+D.

Da caracterización do tecido empresarial da economía galega, dedúcese a existencia dun número potencialmente reducido de empresas con capacidade de investir en innovación debido á súa reducida dimensión e estrutura de recursos, orientados fundamentalmente a tarefas de comercialización e produción. Esta circunstancia vese reflectida nos mecanismos de xestión da innovación, xa que un número relativamente reducido dispón de mecanismos adecuados para sistematizar o proceso innovador dentro da actividade habitual da empresa. Así, por exemplo, segundo os datos da enquisa de innovación empresarial do IGE, aínda que a maior parte das empresas galegas (un 70,7%) afirman potenciar a innovación interna, só un 25,2% dispoñen de departamentos que desenvolvan actividades de innovación, e unicamente un 8,6% manteñen alianzas para promover a innovación.

A pesar das debilidades apuntadas nos parágrafos anteriores merece ser destacada a evolución en aspectos como o número de empresas de alta e media – alta Tecnoloxía.

gráfico 3.29 % incremento anual do número de empresas de alta e media – alta tecnoloxía (2003 – 2008)



Fonte: INE, Elaboración Propia




3.4 Relacións interempresariais. Outras formas de presenza do sector público nos procesos de innovación

Pero ademais de observar como se configura o ecosistema empresarial en Galicia, non é menos importante abordar as estruturas de relación interempresarial, estruturas que tamén se configuran como axentes propios do Sistema Galego de Innovación.

A cooperación entre as empresas é unha consecuencia inmediata da crecente división do traballo e a desintegración vertical. Deste xeito, a innovación nun produto ou servizo moi dificilmente pode ser levada a cabo por unha única empresa, polo que sería imprescindible a utilización de estratexias de colaboración con outros axentes con perfís complementarios. O establecemento dunha cultura da cooperación en materia de innovación, e o mantemento de relacións estables entre os axentes empresariais e os membros de comunidade científico – tecnolóxica, require un proceso de aprendizaxe. Desde a administración autonómica contribuíuse tradicionalmente á creación e promoción de diversas estruturas de apoio á cooperación tanto, interempresarial como de carácter científico – tecnolóxico.

Na actualidade, en termos xerais, as estruturas de colaboración para a realización de actividades de innovación, estarían articuladas ao redor dos seguintes elementos:

gráfico 3.30 % de cooperación en innovación das empresas españolas segundo tipo de interlocutor, ano 2008



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas. 2008.

Concentrando a análise nos mecanismos e as relacións cooperativas interempresas que gozan do apoio público, poden destacarse unha serie de instrumentos de apoio:

- Os parques científicos e tecnolóxicos son un instrumento esencial para desenvolver unha transferencia real de coñecemento entre os axentes científico – tecnolóxicos e o sector empresarial, xa que conforman un espazo físico de encontro entre os axentes científico – tecnolóxicos e o sector empresarial, servindo así de panca para que as empresas galegas poidan multiplicar a súa potencialidade innovadora.

Nos recursos existentes na actualidade destaca o Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) en Ourense, existindo actuacións con diverso grao de maduración para o impulso de actuacións chave neste ámbito en Vigo, Lugo, Santiago de Compostela e A Coruña.



XUNTA DE GALICIA

- Os mecanismos de cooperación intanxibles, entre os que destacan os clúster e as plataformas tecnolóxicas. Polo que se refire aos clúster, en Galicia gozan de recoñecemento público os articulados ao redor de varios sectores, e supoñen unha concentración sectorial e xeográfica de empresas que realizan as mesmas actividades, ou moi similares, o que permite unha integración produtiva cara adiante e cara atrás, optimizando as sinerxías produto da súa actividade.

Por outra banda, no panorama de mecanismos intanxibles chave para o impulso da cooperación en Galicia, destaca a proliferación de plataformas tecnolóxicas que se produciron nos últimos anos. Este tipo de estruturas de cooperación toman a referencia das características propostas pola Unión Europea, dispoñendo de axendas estratéxicas de investigación e innovación, aínda que o seu escaso grao de madurez e de autonomía ao respecto dos recursos públicos é unha das principais debilidades que ameazan a sustentabilidade daquelas que se evidencien como menos competitivas respecto das necesidades reais do mercado.

A valoración que se podería realizar en relación cos mecanismos intanxibles chave para o impulso da cooperación: clústers, e plataformas tecnolóxicas é diversa, como tamén son heteroxéneas as traxectorias e circunstancias que rodean a cada unha destas entidades. En termos xerais, podería dicirse que os clúster que acumulan unha traxectoria dilatada, como é o caso de CEAGA, están plenamente asentados, mentres que outros, como o clúster TIC, aínda foron constituídos recentemente.

Polo que se refire ás plataformas tecnolóxicas, a pesar de dispor dunha ampla nómina de entidades adheridas, son varias as que se están atopando con dificultades para mobilizar actuacións conxuntas que permitan explotar plenamente as sinerxías que se xerarían entre os seus socios.

(No ANEXO III recóllense os clústers e plataformas tecnolóxicas existentes en Galicia).

Até o momento, o impacto das actuacións públicas de impulso á I+D concentrouse moi maioritariamente no lado da oferta, apoiando mediante diversos instrumentos (subvencións, anticipos, ou desgravacións) aquelas actuacións que achegasen ao mercado novos produtos ou servizos.

Máis recentemente, desde a perspectiva da demanda, o sector público pode contribuír de forma moi destacada ao incremento da I+D+i nacional e da competitividade empresarial mediante a adopción de estratexias de compras públicas de tecnoloxía innovadora (tamén denominada contratación precomercial) que impulsen e complementen os programas públicos de apoio á I+D+i empresarial. A lexislación comunitaria e tamén a estatal, en particular a Lei 30/2007 de contratos do sector público, recolle xa os instrumentos e mecanismos contractuais adecuados para facilitar este tipo de compras. Así, existe a figura dos contratos de investigación e desenvolvemento, recollida no artigo 13 da lei, e os contratos de colaboración público – privada, previstos no artigo 11 da mesma norma.

Nestes contratos, unha administración pública encarga a unha entidade do sector empresarial, por un período determinado en función da duración da amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevexan, a realización dunha actuación global e integrada que, ademais do financiamento de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para o cumprimento de determinados obxectivos de servizo público ou relacionados con actuacións de interese xeral, comprenda a prestación de



servizos que incorporen tecnoloxía especificamente desenvolvida co propósito de achegar solucións máis avanzadas e economicamente máis vantaxosas que as existentes no mercado.

A pesar da flexibilidade que a lexislación ofrece en materia de contratación pública, en España non son aínda frecuentes este tipo de compras, quizá por descoñecemento e inercia cara aos procedementos máis tradicionais. En definitiva, a contratación pública de tecnoloxía innovadora ou contratación precomercial pode converterse nun dos principais instrumentos de apoio á I+D empresarial.

Outro dos eixos de intervención do sector público no ámbito da I+D materialízase no apoio que reciben os Centros Públicos de Investigación. En Galicia, existen diversos centros que a pesar da súa natureza xurídica heteroxénea, se caracterizan por presentar unha alta especialización sectorial no ámbito das súas actividades de I+D. Estes centros están orientados a áreas cun importante potencial de crecemento, ou actividades cunha elevada importancia relativa na economía rexional.

Neste sentido, desde a administración autonómica recoñécense un total de 25 Centros Tecnolóxicos, que dispoñen da posibilidade de recibir apoio económico a través de diversos mecanismos. Para completar a relación de Centros Tecnolóxicos existentes en Galicia, tamén é necesario ter en conta outros centros que dependen organicamente de entidades estatais, como podería ser caso do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), pertencente ao CSIC.

En xeral, os Centros Tecnolóxicos consolidados desenvolven un papel relevante na realización da I+D rexional, tanto a través de proxectos propios como mediante a integración en consorcios que participan en convocatorias competitivas, xestionadas pola administración autonómica e central. En menor medida, algúns destes centros (como sería o caso de ANFACO, AIMEN ou GRADIANT) presentan unha traxectoria de participación nas convocatorias do Programa Marco de I+D.

(No ANEXO III recóllense os Centros Tecnolóxicos recoñecidos en Galicia).

3.5 O Sector Financeiro como axente do Sistema Galego de Innovación


Ata agora diriximos a nosa mirada aos axentes tradicionalmente considerados dentro dos sistemas de innovación. Pero ademais de todos eles, non podemos deixar de lado que as actividades empresariais precisan do concurso do sector financeiro para dispor dos recursos que lles permitan atender as súas necesidades, tanto no curto, como no longo prazo. Os parámetros habitualmente seguidos pola banca comercial para a concesión de financiamento artículanse ao redor dos criterios de solvencia e garantía. As actividades de I+D implican, pola súa propia natureza, un elevado nivel de risco, o que incrementa as dificultades do acceso ao financiamento alleo.

Un indicio das dificultades que presentan as empresas para financiar mediante o financiamento alleo as súas actividades de I+D, poderíamos atopala na reducida porcentaxe de financiamento bancario que se solicita para esta finalidade. Sinalar que é probable que a incidencia da crise económica teña provocado unha modificación da finalidade do financiamento solicitado.



Así, as particularidades que presentan as empresas innovadoras para o acceso ao financiamento alleo, unido ás potencialidades de desenvolvemento que estas presentan, moveron ás autoridades públicas a articular mecanismos para facilitar o acceso ao financiamento alleo a estas empresas. En boa parte dos casos, estas operacións poden ser canalizadas a través de entidades que, baixo diversas fórmulas, facilitanlles ás empresas innovadoras a oportunidade de acceso ao crédito. Neste sentido, cabe destacar en Galicia o IGAPE, ou o ICO e CDTI no ámbito estatal.

gráfico 3.31 Distribución pola finalidade do financiamento solicitado



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas. Ano 2007.

Cabe destacar o papel que os axentes financeiros propios de Galicia (de xeito fundamental a través do Banco Pastor e das entidades recentemente fusionadas Caixa Galicia e Caixa Nova) viñeron xogando, en colaboración coa administración autonómica, no apoio ao financiamento das accións de innovación, sendo parte en convenios promovidos desde a administración autonómica, ou participando, no caso das dúas caixas de aforros citadas, directamente no capital de diversas entidades de apoio á I+D, por exemplo puidese ser o caso do Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole).

É importante que este sistema financeiro autóctono e propio de Galicia siga a ter un papel protagonista no apoio ao financiamento da I+D en Galicia, dada a necesidade que teñen as empresas galegas de incrementar o seu esforzo na realización da I+D, para igualarse inicialmente coa media española, e tentar alcanzar os niveis medios rexistrados na UE.

No entanto, a pesar dos esforzos realizados desde o sector financeiro, existen importantes dificultades que superar no curto e medio prazo para adaptar adecuadamente a oferta financeira ás necesidades dun sistema de I+D+i como o galego, tanto no plano técnico do deseño de instrumentos, como no financeiro de orientación dos fondos dispoñibles cara á innovación.

Dadas as características da tipoloxía de empresas galegas, e en particular das micropemes de base tecnolóxica, é necesario establecer mecanismos de acceso ao financiamento alleo dotados da suficiente flexibilidade e realismo respecto do tipo de entidades avaliadas, caracterizadas por un alto coñecemento tecnolóxico pero reducido coñecemento empresarial, e cuxo potencial rendemento será diferido cara ao longo prazo. Atendendo a esta realidade, fanse necesarios instrumentos de capital risco deseñados para facilitar a correcta maduración empresarial deste tipo de proxectos.



A conxuntura actual de dificultades de acceso ao crédito corrente por parte das empresas supón un condicionante moi importante para o proceso de innovación, na medida en que as necesidades financeiras de proxectos que levan asociado de forma inherente un maior risco, e por tanto unha maior taxa de rendibilidade, poden verse estranguladas. Son necesarias accións conxuntas neste terreo entre os actores públicos e privados do sistema, encamiñadas a dinamizar a participación do capital privado en fondos de capital risco que poderían nutrirse coa achega de instrumentos europeos como é o caso de JEREMIE, a iniciativa conxunta da Comisión Europea, o BEI e o Fondo Europeo de Investimentos destinada a incrementar o acceso ao crédito por parte das microempresas europeas.

Afondando nas posibilidades de financiamento das que dispoñen as empresas innovadoras, hai que destacar o papel que podería xogar o capital risco. O elevado nivel de especialización que presentan as empresas innovadoras, unido ás grandes potencialidades de xeración futura de beneficios, configuran o escenario ideal para a participación nos proxectos de entidades que capital risco.

Estudos realizados pola Asociación Española de Entidades de Capital Risco (ASCRI), demostran o efecto aceleración da facturación, ou mellora dos resultados, que se deriva da presenza do capital risco na estrutura accionarial das empresas que recorren a esta fórmula.

No sector do capital risco conviven tanto sociedades de natureza pública como de natureza privada. Desde a Administración autonómica galega promoveuse Xesgalicia, sociedade xestora de capital risco, que agrupa varios fondos especializados temática e xeograficamente. Ligado á política de investimentos das caixas de aforro destacan: GesCaixa Galicia S.G.E.C.R., e Vigo Activo SCR.

No ámbito do sistema universitario existen tamén iniciativas destacables como Unirisco ("a primeira sociedade de capital risco universitaria que foi autorizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, constituída en novembro de 2000, baixo a iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de promover a creación de empresas que aproveiten o coñecemento xerado pola Universidade, mediante operacións de investimento temporal no capital destas ou outros instrumentos financeiros, sempre baixo criterios de rendibilidade e creación de emprego") e Uniban (a primeira rede de Business Angels impulsada por unha universidade pública española, tamén neste caso con forte vinculación á USC).

O mercado de valores representa unha alternativa para as empresas que deciden captar fondos. Tradicionalmente, esta vía presentou un atractivo limitado derivado das obrigacións de todo tipo que son inherentes á participación en mercados organizados. Na práctica estas limitacións provocaron que só as grandes empresas puidesen ter acceso a esta posibilidade.

Recentemente entrou en funcionamento o Mercado Alternativo Bolsista, (MAB). Este mercado está orientado a pemes que buscan expandirse, cunha regulación especificamente adaptada ás súas posibilidades. Estas características fano atractivo para pemes innovadoras.




3.6 O Sistema de Educación Superior Universitaria en Galicia

O Sistema Universitario Galego está conformado por tres universidades públicas. Tomando como referencia os alumnos do curso 2008 – 2009, están matriculados no Sistema Universitario Galego un total de 64.855 alumnos, dos que un 40,1% cursan estudos na Universidade de Santiago de Compostela, mentres que as Universidades da Coruña e Vigo acollen ao 29,6% e o 30,3% restante respectivamente.

Desde un punto de vista de áreas de coñecemento, os estudos que se imparten nas universidades galegas distribúense do seguinte modo:

gráfico 3.32 Porcentaxe de alumnos matriculados segundo área científica



Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ano 2010.


Considerando que os ensinos de carácter técnico (enxeñerías e arquitectura), concentran unha boa parte das actuacións relacionadas co ámbito temático da I+D, cabe sinalar que a proporción de estudantes que cursan ensinos de carácter técnico están concentrados nas universidades da Coruña e Vigo, cun 45,9% e un 33,1% respectivamente. Na Universidade de Santiago de Compostela a porcentaxe de alumnado que cursa este tipo de estudos de carácter técnico redúcese ao 10,7%.

A maior parte de campus que conforman as universidades galegas carecen dunha orientación sectorial marcada, sendo as excepcións máis destacadas o campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela, que acolle varias titulacións relacionadas co ámbito agropecuario, ou o campus de Ferrol da Universidade da Coruña, cunha certa especialización de carácter industrial.

Desde un punto de vista da cuantificación dos estudantes que cursan estudos de doutoramento en Galicia, segundo os datos do INE correspondentes ao curso 2008 – 2009, matriculáronse un total de 3475 alumnos (o 5,2% do total de alumnos que cursan estudos de doutoramento en España), que representan o 5,26% do total dos alumnos universitarios. Concentrando a análise nos alumnos que cursan estudos de doutoramento nas áreas científicas (ciencias experimentais e da saúde; e enxeñería e tecnoloxía), estes alumnos representarían respectivamente o 33,1% e o 14,7% do total.



gráfico 3.33 N° de Doutoramentos Verificados, ano 2009




Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación

Nos mapas que se achegan nas páxinas seguintes recóllense diversos aspectos relativos ao Sistema Universitario de Galicia referenciado co resto de comunidades autónomas que nos mostran como, no marco da convocatoria 2008 do Plan Nacional, as Universidades Galegas obtiveron 45 FPI (6,1% do total do sistema universitario español) e 62 FPU (o 7,7% do total español).



XUNTA DE GALICIA

gráfico 3.34 Distribución por CC.AA das axudas do Programa Nacional de Formación de RR.HH.
concedidas, ano 2009



Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación


As Universidades Galegas absorben o 5,8% das axudas do programa nacional de contratación e incorporación de RR.HH concedidas, destacando a súa capacidade competitiva nos programas "Ramón y Cajal" (os contratos obtidos polas universidades galegas neste



XUNTA DE GALICIA

programa na convocatoria 2008 supoñen o 8,1% do total español) e na de técnicos de apoio (6,2% do total Nacional), sendo a súa presenza menor no programa "Juan de la Cierva" (3,5%).

gráfico 3.35 Distribución por CC.AA das axudas do Programa Nacional de Contratación e Incorporación de RR.HH. concedidas




Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación



XUNTA DE GALICIA

Na Convocatoria 2008, as Universidades Galegas foron as destinatarias do 5,4% do total das axudas a proxectos de investigación fundamental non orientada e o 5,7% das accións complementarias concedidas.

gráfico 3.36 Distribución por CC.AA das axudas do Programa Nacional de Proxectos de Investigación non Orientada e accións complementarias concedidas



Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación



XUNTA DE GALICIA

Afondando nos recoñecementos dos que dispoñen as Universidades Galegas, cabe destacar o recente recoñecemento outorgado ao Campus do Mar ("Knowledge in depth") da Universidade de Vigo, que foi seleccionado como Campus de Excelencia rexional, no marco da convocatoria específica do Innocampus. Así mesmo, o Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela, dispón da cualificación de Excelencia rexional.

Un indicador tradicionalmente utilizado para valorar o nivel de excelencia académico – científica que se rexistra nun territorio é a proporción de publicacións científicas. Este indicador está directamente ligado á contorna da universidade, xa que na práctica totalidade nas investigacións publicadas participan membros da comunidade universitaria.

Deste xeito, a análise bibliométrica é especialmente interesante para analizar os resultados das investigacións realizadas por parte dos axentes do sistema público de I+D (entendendo por tales universidades, e centros tecnolóxicos), xa que a natureza destas publicacións está nesgada cara á investigación básica.

Así, as publicacións científicas españolas cifraríanse en 1.143,5 por cada millón de habitantes, o que se sitúa por baixo da media da UE-27 que contabiliza un total de 1260, e moi lonxe dos países líderes da OCDE, como Suíza ou Suecia, no que se alcanzan cifras de 3.337,1 e 2.480,8 publicacións por millón de habitantes, respectivamente.

No entanto, particularizando a análise para o caso de Galicia, e tomando como referencia a publicación SISE-2007 por parte da FECYT, permite obter as principais magnitudes do indicador de produción científica para Galicia (medido polo número de documentos publicados da base de datos ISI), e realizar unha comparación co conxunto de España. Así se comproba que as publicacións orixinadas en Galicia son o 6,8% do total español, ocupando a quinta posición en publicacións científicas ISI, o que a sitúa nun lugar bastante vantaxoso en comparación con outros indicadores relacionados coa I+D.

O contacto das universidades co sistema produtivo e a transferencia de coñecementos realízase en parte a través das OTRIs, das que dispoñen todas as Universidades Galegas. Para cuantificar o impacto das relacións existentes entre as Universidades Galegas e o sistema produtivo, indicar que o montante dos contratos asinados entre a Universidade de Santiago de Compostela e o sector produtivo para a realización de traballos de I+D e labores de consultoría, cifrouse en máis de 13,5 millóns de euros (segundo datos do Informe da enquisa Rede OTRI, ano 2008; no devandito informe non figuran datos desagregados para a Universidade da Coruña). Polo que respecta á Universidade de Vigo, o montante destes contratos ascendeu a máis de 10,4 millóns de euros.

Realizando unha análise comparativa co conxunto das OTRIs das universidades incluídas na Rede OTRI, pódese comprobar como as cifras de facturación alcanzadas polas Universidades Galegas son coherentes coa media española, que se atopa cifrada en 11,95 millóns de euros.

Outro indicador clásico da realización de I+D estará conformado polo número de patentes solicitadas. Neste sentido, a análise comparativa das patentes solicitadas en Galicia e no conxunto de España revela a existencia en Galicia dunha menor propensión a solicitar patentes. Deste xeito, mentres que en España se solicitan 77,97 patentes por cada millón de



XUNTA DE GALICIA

habitante, en Galicia ese mesmo indicador redúcese a 63,21 patentes por cada millón de habitantes.

Esta discrepancia entre os resultados do indicador baseado na análise bibliométrica e a análise das patentes, probablemente estea relacionado coas dificultades do tecido produtivo galego para realizar actuacións de innovación que capitalicen o coñecemento acumulado, en liña co comentado no inicio deste diagnóstico.

Deste xeito, a análise dos indicadores relativos ao nivel de excelencia alcanzado pola comunidade universitaria galega, que se evidencia no recoñecemento de Campus de Excelencia, ou a presenza comparativamente relevante nas publicacións científicas internacionais, contrasta cos baixos niveis de realización da I+D que se xera no ámbito privado.

Esta diverxencia nas traxectorias seguidas por parte da comunidade universitaria e o sector empresarial, constitúen un elemento distorsionador do sistema galego de I+D, e deben de ser superados mediante un apoio orientado a favorecer a colaboración estable nos axentes da comunidade empresarial e universitaria.

Podemos afirmar pois que o tecido produtivo galego pode e debe de aproveitar as potencialidades que lle ofrece o Sistema Universitario Galego, un sistema que se atopa a un bo nivel en termos comparativos e que goza de recoñecemento. Impulsar este proceso de interconexión e interrelación entre o sector empresarial e o sistema universitario convértese desta maneira nun dos retos principais que ten por diante o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015.


3.7 A situación do Sistema Galego de I+D+i no contexto nacional e internacional

A participación e o éxito das súas entidades nos programas competitivos estatais e internacionais son indicadores de primeiro nivel para determinar a situación dun sistema de I+D+i. Por iso é preciso analizar a referencia evolutiva na participación dos axentes do Sistema Galego en programas nacionais e internacionais de cara a dispor dunha referencia que nos permita determinar en que medida está a producirse unha optimización das fontes de financiamento existentes por parte das entidades promotoras de proxectos de I+D+i, así como cal é a evolución na competitividade do Sistema Galego de I+D+i respecto doutros sistemas. Ademais, a presenza en programas nacionais e internacionais de I+D+i é un bo reflexo do grao de cooperación existente entre os diferentes axentes dentro do mesmo sistema de I+D+i, característica inherente á maior complexidade e ambición científica e técnica dos proxectos a presentar.

Se nos atemos á evolución do financiamento de proxectos de I+D+i promovidos por axentes galegos no período 2002 a 2007, podemos observar que desde 2003 prodúcese un certo estancamento e retroceso na evolución do número de proxectos de I+D+i financiados polo Plan Nacional de I+D+i presentados por entidades galegas, mentres que no caso dos proxectos de I+D+i financiados polo Plan Galego de I+D+i (PGIDI), o retroceso experimentado en 2004 queda compensado cunha tendencia alcista que se consolida a partir de 2006 cun salto de calidade significativo, pasando dos 368 proxectos aprobados polo PGIDI aos 687 de 2007.




gráfico 3.37 Evolución de Proxectos financiados polo PGIDI e o PNIDI



No relativo ao volume de subvención concedida, vemos que a dispoñibilidade de fondos dedicados experimenta un significativo crecemento no período 2002 – 2007 tanto no PGIDI como no retorno galego do PNIDI, que se traduce nun incremento da subvención media por proxecto aprobado en ambos os marcos programáticos, o que previsiblemente denota un crecemento no nivel medio de ambición tecnolóxica asociada aos proxectos aprobados nun e outro programa.

Tal e como podemos observar no gráfico 3.37, a tendencia de subvención media por proxecto aprobado difire enormemente a partir do ano 2003 entre o PNIDI e o PGIDI pasando de 64.860 €/proxecto de medida nacional e 70.450 €/proxecto de media no PGIDI a 188.052 €/proxecto de media nacional en 2007 e 91.706 €/proxecto de media no PGIDI no mesmo ano.

gráfico 3.38 Evolución da Subvención Media por proxecto financiada polo PGIDI e o PNIDI





XUNTA DE GALICIA

É destacable o feito de que no mesmo período, a subvención media de proxectos galegos de I+D+i no Plan Nacional pasa de estar por riba da media nacional no ano 2003 (65.870 €/proxecto) a distanciarse significativamente en 2007 da devandita media (129.778 €/proxecto, o que representa o 69% da media nacional).

Nese mesmo período, o retorno do Sistema Galego procedente do Plan Nacional de I+D+i en forma de subvencións a proxectos de I+D+i pasa de supor o 3,71% sobre o total nacional no ano 2002 a supor o 2,55% en 2007, mentres que en número de solicitudes o Sistema Galego pasou de representar o 4,7% do total en 2002 con 671 proxectos de I+D+i, a ser o 4,4% en 2007 con 606 proxectos de I+D+i solicitados.

Durante o período 2002 a 2007 vemos que, aínda que se produciu un incremento significativo tanto no número de proxectos de I+D+i do Sistema Galego como na calidade e ambición orzamentaria destes, o peso relativo do Sistema Galego sobre o total nacional descende significativamente, e o retorno absoluto en forma de subvención en euros correntes increméntase moi por baixo do total nacional (incremento do 226% no retorno galego do PNIDI entre 2002 e 2007 mentres que o total nacional increméntase nun 330% durante o mesmo período).

Esta evolución pon de manifesto a dificultade do Sistema Galego para competir no contexto nacional con proxectos de maior complexidade e ambición orzamentaria.

Esta dificultade do Sistema Galego para xerar un retorno financeiro para os proxectos de I+D+i procedente das fontes de financiamento nacionais semella consolidarse no período 2008 – 2010 se atendemos á evolución que se está a producir no grao de execución do Fondo Tecnolóxico.

O Fondo Tecnolóxico é unha partida especial de 2000 millóns de euros de fondos FEDER da Unión Europea dedicada á promoción da I+D+i empresarial en España durante o período 2007 – 2013, do que a Galicia lle corresponde un total 360 millóns de euros.

Aproximadamente un 40% do orzamento total é xestionado por CDTI, e transferido ás empresas a través dos programas de financiamento de proxectos de I+D+i habituais do devandito organismo, orientados a proxectos colaborativos de I+D+i con orzamentos mínimos de entre 500.000 € e 3.000.000 € dependendo da liña de financiamento considerado. Estamos a falar por tanto, de proxectos dunha ambición tecnolóxica e orzamentaria elevada, que esixen a cooperación entre diferentes actores do Sistema de I+D+i.

Do importe xestionado polo CDTI, aproximadamente 142,4 millóns de euros corresponderían a Galicia de acordo coa distribución territorial programada para o Fondo Tecnolóxico. No período 2008 – 2010, a execución do Fondo previsto para Galicia apenas alcanza o 10% do total.


A dificultade observada durante o período 2002 – 2007 na xeración de proxectos de ambición orzamentaria e tecnolóxica por parte do Sistema Galego de I+D+i amplifícase aínda máis ao considerar a limitada execución actual do Fondo Tecnolóxico, sendo esta unha fonte de financiamento que presenta un factor territorial que atenúa as dificultades de competitividade típicas do PNIDI, onde os proxectos galegos compiten cos do resto de Comunidades Autónomas. Velaquí, por tanto, un dos principais retos do Sistema Galego de



I+D+i no período 2011 – 2013: Ser capaz de xerar un volume de proxectos de calidade e ambición orzamentaria suficiente como para esgotar a dispoñibilidade orzamentaria planificada no marco do Fondo Tecnolóxico.

Se comparamos estes datos coa participación en proxectos de I+D+i dentro do PGIDI tomando datos do período 2004 – 2007, podemos observar que a proporción de participación por tipo de entidade revértese, xa que aproximadamente no devandito período, o retorno alcanzado pola Universidade foi do 17,49% sobre o total dedicado a proxectos de I+D+i, mentres que a peme supuxo o 46,91% do retorno total dedicado a proxectos de I+D+i. Estes datos parecen reforzar a evidencia de que as empresas do Sistema Galego de I+D+i teñen dificultades para competir fóra do ámbito rexional con proxectos de ambición orzamentaria e tecnolóxica.

gráfico 3.39 Participación no PGIDI 2004 – 2007 por tipo de entidade



A nivel internacional, se acudimos a un dos principais indicadores sobre o estado da innovación, o Regional Innovation Scoreboard (RIS) emitido en 2009, comprobamos que a cualificación sobre o desempeño da innovación en Galicia a nivel comparativo co resto de rexións europeas é cualificada como Media – baixa.

Atendendo ás cualificacións de cada un dos tres indicadores específicos dos que se compón o indicador, estas son:

- (1) Facilitadores (educación terciaria, aprendizaxe ao longo de vida profesional, I+D pública e banda ancha). A cualificación é de Media.
- (2) Actividade de firmas (I+D empresarial, innovación en pemes, pemes innovadoras en colaboración e patentes europeas). Media – baixa.
- (3) Outputs (innovadores tecnolóxicos e non tecnolóxicos, eficiencia dos recursos innovadores, emprego en fabricación de media e alta tecnoloxía, emprego en servizos de coñecemento intensivo, venda de produtos novos). Media – baixa.

Cualificación que permite ver claramente unha maior fortaleza na área pública e social da innovación e unha carencia importante na actividade innovadora do sector privado (reflectida nos criterios 2 e 3)

Atendendo á evolución do sistema galego de I+D+i no VII Programa Marco de I+D da Comisión Europea, o maior e máis complexo programa de financiamento público da I+D




XUNTA DE GALICIA

internacional, como indicador da competitividade internacional da I+D+i colaborativa, os datos actualizados de CDTI a 2009 permiten visualizar unha evolución positiva en canto aos resultados obtidos por Galicia, incrementándose os retornos obtidos por entidades galegas nun 22% con respecto ao VI Programa Marco. Estes retornos alcanzan os 15,6 millóns de euros pola participación de 41 entidades (19 empresas) en 72 actividades, das cales 11 foron lideradas desde Galicia. As áreas científicas que contaron con maior participación nestes programas foron, por esta orde de intensidade, as de: nanomateriais, bio e TIC, seguidas de preto polas de transporte e saúde.

Desta forma, a evolución na participación do Sistema Galego de Innovación no Programa Marco de I+D+i da Comisión Europea no período 2002 – 2010, móstranos un aparente cambio de tendencia e melloría no volume e calidade do retorno entre o VII Programa Marco (2007 – 2013) e o VI Programa Marco (2002 – 2006).

O gráfico 3.40, extraído do informe elaborado por CDTI “Resultados provisionais da participación española no VII PM por comunidades autónomas (2007 – 2009)” pon de manifesto a melloría experimentada, alcanzándose no período comprendido entre 2007 e 2009 un retorno equivalente a todo o alcanzado no período 2002 – 2006 por parte do Sistema Galego de I+D+i, 15,6 millóns de euros fronte a 15,9 millóns.

gráfico 3.40 Participación de Galicia no Programa Marco



Fonte e elaboración: CDTI

Desta forma, o peso relativo do retorno do Sistema Galego respecto do total nacional experimenta tamén un incremento relativamente significativo, pasando de ser o 1,5% no VI Programa Marco a ser o 1,9% no VII Programa Marco.


No seu día a Xunta de Galicia, como unha das medidas previstas no programa IN.CI.TE., puxo en marcha a Oficina de Proxectos Internacionais (OPIDI) co obxectivo de impulsar a presenza e participación das empresas galegas en programas internacionais.



XUNTA DE GALICIA

Os datos, así mesmo, mostran o peso significativo do retorno alcanzado vinculado á Universidade (47% do retorno) mentres que as 19 empresas participantes en proxectos aprobados supoñen o 23,5% do retorno total experimentado aínda que, e a pesar de ser unha cantidade reducida en termos absolutos, reflicte unha evolución positiva nos retornos obtidos pola empresa (ver gráfico 3.41).

gráfico 3.41 Retorno anual termo medio en Programa Marco en millóns de euros




Fonte: CDTI E Comisión Europea. Elaboración propia

Se descendemos na análise sectorial do retorno podemos observar que o retorno alcanzado polo Sistema Galego destaca en catro ámbitos temáticos, que supoñen en conxunto o 55,1% do retorno total, estes son: Alimentación, Agricultura, Pesca e Biotecnoloxía (2,2M€); TIC (1,9M€); Nanotecnoloxías, Materiais e Produción (2,3M€); e Investigación en Beneficio das PEMES (2,2M€). Destes ámbitos temáticos, o retorno galego supón o 5,8% e o 5,1% do retorno total alcanzado polo Sistema español no primeiro e último ámbitos temáticos referenciados, sendo apenas o 1% do total en TIC e o 2,1% do total en Nanociencia.

Destaca a porcentaxe de retorno do Sistema Galego respecto do total español no ámbito das Políticas Coherentes de Investigación, onde os 200.000 € logrados supoñen o 40,6% do retorno total español neste ámbito temático.

gráfico 3.42 Participación de Galicia no VII PM por temas/programas




Fonte e elaboración: CDTI



O citado informe de CDTI “Resultados provisionais da participación española no VII Programa Marco por comunidades autónomas (2007 – 2009)” evidencia así mesmo que a pesares da melloría experimentada nos últimos sete anos na participación do Sistema Galego no Programa Marco, existe unha ampla marxe de mellora ata alcanzar a media española de retorno fronte ao gasto en I+D.

gráfico 3.43 Comportamento CC.AA: Crecemento e Capacidades




Fonte e elaboración: CDTI

Ademais, co fin de contextualizar a situación actual da I+D+i galega e extraer aprendizaxes da experiencia de rexións cun comportamento máis dinámico na cooperación interempresarial en proxectos de I+D+i, cremos interesante realizar unha análise comparada entre Galicia e algunhas das rexións europeas que mostraron un maior dinamismo neste sentido e, en particular, a súa evolución na participación no Programa Marco de I+D+i.

Tras unha análise do panorama rexional europeo, e utilizando como información a análise das rexións máis innovadoras segundo o RIS (Regional Innovation Scorecard Ranking in 2004 & 2006), e concretamente unha selección específica dos seus indicadores, a taxa de colaboración en innovación entre pemes de cada rexión, e as taxas de éxito e retornos en Programa Marco de I+D da Comisión Europea, realizouse a análise dunha serie de rexións que tiveron unha favorable evolución na súa participación no Programa Marco e nos indicadores de innovación. Concretamente seleccionáronse: a rexión de Flandes (Bélxica), Dinamarca (polo seu tamaño comparable a unha comunidade española), País Vasco (como referente español dun sistema rexional orientado cara ao mercado) e Galicia.



gráfico 3.44 Publicacións en investigación



Unha primeira aproximación aos datos obtidos evidencia que Galicia aínda se atopa lonxe dos referentes europeos en I+D+i nunha importante serie de indicadores. Por outra banda, entre as fortalezas do tecido galego identificáronse a tendencia ao avance realizado polas peme galegas na colaboración en innovación (que aínda entendemos insuficiente), así como o número de publicacións científicas.

Sen dúbida, estes dous alicerces deben constituír a base do avance da I+D en Galicia. O sector privado, e principalmente a peme galega, debe aproveitar a capacidade de produción de coñecemento xerada en Galicia e realizar asociacións publico privadas en pos de catalizar e valorizar o coñecemento para inxectalo ao mercado co fin de fortalecer a competitividade galega.

Con respecto á análise da participación das entidades galegas no Programa Marco de I+D, os resultados presentan ás entidades galegas a unha gran distancia das principais rexións estudadas, evidenciándose un escaso peso relativo da participación da empresa galega que se amplifica a medida que descendemos na análise dos datos do retorno. Así, considerando os datos correspondentes ao período 2007 – 2009 do VII Programa Marco, obsérvase a escasa presenza da peme galega no programa de investigación a favor das pemes, onde se aprobaron menos de 5 proxectos con presenza galega, así como a inexistente participación da peme galega nos programas de cooperación entre universidade e empresa para a capacitación de investigadores, quedando constancia de que a maior participación de empresas galegas, sendo limitada, atópase no programa de Cooperación da man de grandes consorcios transfronteirizos, onde o seu papel queda máis diluído.

Ante esta situación e de cara a converter Galicia nunha rexión intensiva en I+D, o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 debe de ambicionar definir unha serie de medidas que pretendan fomentar a participación das entidades galegas no Programa Marco e intensificar a súa concorrência en convocatorias nacionais e internacionais.



XUNTA DE GALICIA

As entidades galegas poden e deben incrementar a súa participación nos programas competitivos nacionais e internacionais de financiamento público, e nese marco a Administración autonómica debe de asumir a necesidade de implementar unha serie de medidas que axuden a desenvolver esta participación e a obtención de recursos que permitan intensificala, especialmente, entre os programas identificados como de maior interese e potencialidade para as nosas organizacións de cara a impulsar a súa competitividade.

A vocación do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 de ser un instrumento ao servizo dos axentes do Sistema Galego de Innovación nos seus procesos de internacionalización, e en particular da peme, fará necesario proxectar a énfase do esforzo en alcanzar unha mellora significativa da participación das pemes galegas especialmente en programas como o Programa de Investigación en Beneficio das Pemes, no Programa PEOPLE, etc., así como no Fondo Tecnolóxico, para convertelos en importantes fontes de financiamento e de fortalecemento da súa capacidade para competir. E neles é onde a peme galega, e o conxunto do Sistema Galego, deben reflectir o resultado do seu esforzo de mellora competitiva baseada no coñecemento.

De modo complementario ás accións de apoio e estímulo á participación das empresas galegas nos programas internacionais, a propia administración pública galega e en particular a Xunta de Galicia, está chamada a xogar un papel central no deseño e promoción de proxectos internacionais naqueles programas e medidas onde se reclama a participación dos axentes públicos rexionais.

Tal é o caso dos programas de captación de talento e de cooperación interrexional previstos no Programa Marco, casos de COFUND e ERA-NET onde a Xunta de Galicia tivo xa un certo protagonismo a través dos proxectos TALENTGALIA e MATERA+ durante o VII Programa Marco, e onde é necesario apostar por unha maior profundidade no aproveitamento de oportunidades que contribúan a dinamizar a participación doutros axentes do sistema.

Así mesmo, programas tradicionalmente utilizados para fins de cooperación interrexional a nivel europeo en ámbitos máis afastados da I+D+i como é o caso de INTERREG IV, poden xerar un marco atractivo para o deseño e impulso de proxectos de cooperación dinamizadora do resto do Sistema Rexional de I+D, que deben ser aproveitadas convenientemente nun contexto de promoción da internacionalización do I+D rexional.

Para pechar este apartado, e dentro do contexto reflectido, non podemos obviar as tendencias que entendemos se plasmarán no VIII Programa Marco de I+D (8PM), programa que tomará a substitución ao sétimo en 2014. Aínda que este programa atópase aínda nunha fase incipiente da súa xestación, certos documentos como o “Roadmap Towards Commission Proposal for FP8”, o “Europe 2020 strategy” ou o Informe “Realising the New Renaissance” do European Research Area Board inciden nunha serie de aspectos a ter en conta nas políticas internacionais de I+D. Entre estes aspectos menciónase a importancia de fortalecer a relación dos partenariados público – privados. Algúns aspectos relevantes que mencionan estes documentos e que serán a punta de lanza do futuro das políticas comunitarias de I+D son:

- O desenvolvemento dunha arquitectura óptima do 8PM para afrontar os grandes retos sociais.
- Simplificar as normas de participación e xestión no 8PM.
- Fortalecer os lazos entre a investigación e as políticas de innovación.



XUNTA DE GALICIA

- Apoiar a mobilidade de investigadores e promover a excelencia na fronteira do coñecemento.
- Maior participación do Banco Europeo de Investimento e do capital privado no financiamento da I+D.
- A introdución dos "European Innovation Partnerships", onde unir a demanda e a oferta a fin de acelerar o desenvolvemento das tecnoloxías necesarias para afrontar os grandes retos sociais.
- A creación da patente única europea e a modernización dos dereitos de autor e marca.
- A implantación da figura do "Provedor Pre-comercial" no que a administración pública comparte riscos e beneficios co fin de conducir a investigación a unha fase pre-comercial de cara á súa comercialización.



3.8 Conclusións do Diagnóstico: Vectores e Oportunidades do sistema galego de I+D+i

1. Galicia realizou na última década un esforzo continuado no ámbito da I+D+i, que se traduce nunha mellora substancial nos principais indicadores de gasto e recursos humanos dedicado a I+D+i, e que manteñen á comunidade autónoma por encima dos esforzos relativos dun número significativo de comunidades autónomas con PIB per cápita superior.
2. É necesario acometer unha mellora do sistema de gobernanza do sistema galego de I+D+i, que debe afectar directamente á definición dunha estratexia para os próximos anos que propicie o desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía en Galicia nun contexto de restrición orzamentaria, á articulación dunha estrutura capaz de proporcionar servizos aos axentes do sistema e satisfacer as necesidades de xestión que imponha a nova estratexia e á implantación dun mecanismo de avaliación e seguimento da devandita estratexia e dos axentes do sistema. Para iso, desde a Administración Pública resulta necesario desenvolver estruturas máis áxiles e dinámicas orientadas a resultados e a impulsar unha responsabilidade compartida entre os diferentes axentes, de cara a asumir os retos compartidos que permitan alcanzar os obxectivos expostos para o conxunto do sistema.
3. Se observamos os indicadores que miden o esforzo de innovación dos distintos grupos de axentes público-privado, obsérvase un significativo desequilibrio entre estes: o esforzo realizado polas empresas é inferior ao obxectivo marcado internacionalmente e debería representar polo menos o 50% do total de gasto en I+D+i da comunidade autónoma. Esta realidade, esixe o establecemento de políticas activas tendentes a reequilibrar o sistema, mantendo o apoio estrutural á investigación básica, pero impulsando á súa vez a transferencia de tecnoloxía, a creación de empresas de base tecnolóxica, a modernización dos sectores tradicionais mediante procesos de tecnificación e o desenvolvemento de novos sectores con potencial de crecemento que exploten capacidades tecnolóxicas existentes.
4. No que se refire ao ámbito empresarial galego, este caracterízase pola presenza dun tecido onde predomina a microempresa e un grao de especialización industrial en actividades de alto valor e alto uso tecnolóxico que aínda non está nos niveis desexables. É preciso acelerar o proceso de transformación industrial do tecido produtivo que permita potenciar a innovación como panca do crecemento empresarial de forma que as empresas de base tecnolóxica ocupen un espazo de maior relevancia.
5. Coexistindo coa estrutura de microempresa sinalada no vector anterior, destaca tamén a existencia, dentro do sistema galego, de organizacións empresariais que ostentan fortes liderados tanto no ámbito do conxunto da realidade española como no internacional e que pode e deben de servir de elementos tractores para potenciar a dinámica de crecemento baseado na innovación a promover o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. O potencial de impulso destas empresas significativas unido á existencia dun número moi importante de boas prácticas, no ámbito da innovación, nas que axentes do sistema galego en xeral, e empresas galegas en particular, desempeñan o rol de actores principais destas, debe de ser



aproveitado para estender no resto do sistema de valores, principios, normas e comportamentos propios dun enfoque organizativo dirixido á innovación.

6. Da análise dos datos examinados podemos inferir que unha parte dos recursos públicos dirixidos a incentivar a intensificación de actividades no ámbito da I+D+i no sector empresarial galego dirixíronse a impulsar a innovación en funcións e ámbitos periféricos que non conforman o "*core business*" da súa propia actividade o que deriva nun impacto menor na súa produtividade e un efecto menor no necesario crecemento empresarial que requiren as novas contornas competitivas globais. Neste sentido a redirección dos recursos a actividades centrais da súa produción e modelo de negocio permitirán previsiblemente mellorar os resultados conseguidos nestes ámbitos.
7. O tamaño do Sistema Galego de I+D+i así como a pequena dimensión de gran parte dos seus axentes, especialmente dos encadrados no ámbito empresarial, recomendan a aplicación dun modelo de innovación aberta, que permite ao sistema ampliar os seus horizontes colaborativos, beneficiarse da agrupación de recursos e capacidades, e superar con maior facilidade as limitacións derivadas da súa dimensión.
8. No mesmo sentido que o vector anterior, no ámbito universitario, é necesario profundar no desenvolvemento de estruturas de investigación de ámbito superior ao grupo e máis amplo que o local, nas que se aglutinen capacidades, e que ademais sexan capaces de satisfacer as necesidades de ciencia e tecnoloxía dos sectores empresariais e da sociedade.
9. O Sistema Galego de I+D+i veuse dotando de estruturas de pequeno tamaño, e en numerosos casos excesivamente especializadas sectorialmente, o que conferiu ao sistema unha elevada complexidade que, en moitos casos, non se viu recompensada cunha intensiva traxectoria de colaboración sectorial nin cuns resultados especialmente significativos. Esta realidade, unida a unha excesiva dependencia financeira do apoio do Sector Público, condicionan en gran medida a sustentabilidade económica a medio prazo dos axentes do sistema, especialmente naqueles casos nos que o sector empresarial non termine de traducir en proxectos conxuntos de cooperación o posible valor engadido deste tipo de entidades.
10. O Sistema Galego de I+D+i caracterízase por unha alta capacitación científica dos seus recursos humanos. Esta realidade é especialmente destacable se nos referimos ao Sistema Universitario de Galicia cuxa contribución ao proceso de xeración de coñecemento destaca como un dos mellores indicadores do Sistema Galego de Innovación, ocupando nese aspecto unha posición relativa destacable tanto no contexto nacional como no europeo. Para poder consolidar estas capacidades é necesario, máis aló dos propios instrumentos de apoio á carreira investigadora, o desenvolvemento de estratexias conxuntas para a estabilización a longo prazo deste talento.
11. Existen clúster, empresas, equipos de investigación e outros axentes específicos do sistema con capacidade e potencialidade para asumir o reto de liderar nun ámbito global sectores de alta importancia estratéxica para a economía galega.
12. O apoio público á contorna empresarial do sistema galego de I+D+i circunscribiuse fundamentalmente ao financiamento a través de programas de axudas e da dotación de



XUNTA DE GALICIA

infraestruturas de servizos, é dicir, ferramentas de fomento da Oferta. Con todo, o sector público non utilizou ferramentas de fomento da Demanda, como as que proporciona o novo marco normativo de contratacións públicas que permiten á Administración adoptar un papel dinamizador do sistema desde a demanda de tecnoloxía.

13. A conxuntura actual do sistema financeiro limita a capacidade do sistema de I+D+i de acceder a niveis de financiamento adecuados para madurar os proxectos de innovación caracterizados por un elevado risco no curto prazo e unha xeración de retornos no medio e longo prazo. Nesta tesitura precísase actuar sobre o lado da oferta estimulando a creación de instrumentos que recollan tanto a nivel técnico como financeiro a casuística da empresa galega de maior capacidade innovadora. Neste aspecto a existencia de axentes do sistema financeiro potentes, autóctonos e capaces de colaborar na creación dos instrumentos financeiros que require o Sistema Galego de Innovación, convértese nunha oportunidade que necesariamente se debe de pór en valor.
14. O Sistema Galego de I+D+i ten dificultades para atraer e reter talento. Os programas lanzados nesa liña deben verse apoiados por outras medidas que permitan ao sistema constituírse nun destino atractivo para o talento, que lle permita multiplicar a súa capacidade de innovación mediante o desenvolvemento de sinerxías co capital humano xa establecido en Galicia. Para que a captación deste talento se consolide é necesario que forme parte das estratexias dos propios axentes do sistema. Á súa vez, é preciso realizar un impulso decidido para converter infraestruturas científico - técnicas en referentes de forte presenza internacional capaces de liderar as accións de I+D+i en ámbitos concretos, e desta forma incrementar a súa capacidade para atraer recursos humanos de talento, sexa cal for a súa orixe.
15. Faise necesario potenciar unha maior orientación ao mercado da actividade investigadora do Sistema Universitario de Galicia, co fin de aproveitar as capacidades existentes como motor da transformación do tecido produtivo cara a actividades intensivas de tecnoloxía, cunha intensificación das accións de valorización realizadas polas OTRIS e por outros axentes de valorización. Neste aspecto son imprescindibles tanto o desenvolvemento de proxectos conxuntos entre os axentes para abordar, de forma integral, un reto científico - tecnolóxico complexo, como o emprendemento na Universidade traducido na xeración de empresas de base tecnolóxica que poidan explotar o coñecemento e convértanse en axente activo do cambio de modelo económico.
16. O Sistema Galego de I+D+i evidencia unha dificultade para xerar un número significativo de proxectos colaborativos de I+D+i, nos que participen axentes do sistema e empresas galegas coa suficiente ambición orzamentaria e tecnolóxica tanto no ámbito internacional como no nacional. Neste ámbito o Fondo Tecnolóxico emerxe como unha grande oportunidade, até agora insuficientemente aproveitada para financiar proxectos de I+D+i de impacto orixinados en Galicia, que non debe desaproveitarse no horizonte 2010-2013 como panca cara ao salto de calidade necesario das empresas galegas en xeral e das PEMES en particular.
17. O Sistema Galego de I+D+i caracterízase, en xeral, por un débil grao de internacionalización dos seus proxectos de I+D+i. A evidencia dunha significativa melloría no período 2007-2009 mostra unha vez máis un rumbo a favor da Universidade cunha participación moi reducida das empresas en particular dentro dos programas



especificamente definidos para facilitar o seu acceso a fondos internacionais, aspecto este no que os instrumentos postos en marcha no seu día para potenciar a presenza das empresas galegas en proxectos internacionais non alcanzaron os obxectivos que se propuxeron.

18. Débese de abordar o deseño de liñas de actuación específicas nas que, primando a alta esixencia e a excelencia, se concentren esforzos nun número limitado de proxectos concretos de primeiro nivel e de alto impacto, que permitan dar un salto cualitativo en aspectos focalizados e estratéxicos.
19. Para poder levar a cabo estas políticas de fomento da I+D+i é imprescindible unha avaliación a dobre nivel: selección dos mellores proxectos e as mellores persoas a través dun proceso independente e rigoroso; e a propia monitorización do Plan. A rendición de contas debe formar parte da nosa cultura organizativa e de xestión, polo que se require a necesidade de impulsar o deseño dun cadro de xestión dos resultados das diversas liñas de actuación que contemplará o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2010-2015 que permita ir adaptando e focalizando as políticas implantadas en función dos resultados.



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 4

RETOS



XUNTA DE GALICIA

Para acadar os obxectivos perseguidos polo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 é preciso involucrar nel ao conxunto da sociedade galega e moi especialmente ao conxunto de axentes do Sistema Galego de I+D+i. Só así, co esforzo de todos, seremos capaces de afrontar o reto de axudar ao desenvolvemento e ao benestar dos galegos, impulsando o crecemento da sociedade e da economía galegas ao facelas máis competitivas grazas a un uso intensivo do coñecemento.

Tal e como expón o Plan Estratéxico Galicia 2010 – 2014, unha das pancas esenciais de desenvolvemento está fundamentada no impulso da I+D+i, dentro do eixo orientado a potenciar a economía do coñecemento, e enfocando os seus esforzos e recursos nunha economía baseada na investigación, a transferencia, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación como liñas de progreso económico e desenvolvemento social. Para iso é necesario reducir a brecha de I+D+i que separa Galicia doutras comunidades autónomas españolas e de Europa, a través de actividades que fortalezan a competitividade das empresas, a súa presenza internacional e o seu esforzo en actividades de I+D+i e mellorando a articulación e coordinación entre os axentes do sistema de innovación e investigación. Este reto materialízase nun obxectivo de investimento do 3% do PIB de Galicia en I+D+i para o 2020, incidindo especialmente no aumento do investimento privado.

Un factor importante para o bo funcionamento do sistema de I+D+i é a separación de niveis de decisión á hora de fixar políticas, de executalas e de avalialas. A fixación das políticas está vinculada aos mecanismos de representación democrática e vén representada por cargos de perfil político. A execución das políticas corresponde a profesionais e unidades especializadas, que concretan en accións as estratexias definidas no ámbito político. Finalmente, os mecanismos de avaliación deben garantir suficiente independencia como para poder corrixir ou intensificar estratexias e accións en función dos resultados, retroalimentando así aos decisores políticos.

Outro factor importante que confire solidez a un modelo de gobernanza solvente é a transparencia nas políticas que fixan obxectivos, as convocatorias que provén recursos e os mecanismos de avaliación.

A base dun sistema competitivo e de referencia no ámbito da investigación márcase en gran medida a súa capacidade de avaliación, entendida como o proceso que permite medir tanto os resultados obtidos a nivel de obxectivos como de rendibilidade (impacto, mobilización de recursos...).

Unha avaliación independente, en base a uns criterios claros, orientada sobre a base da consecución dos obxectivos marcados polo Plan de I+D+i, selecciona os mellores profesionais, os mellores grupos de investigación, os mellores proxectos de innovación que á súa vez retroalimentan o sistema producindo un efecto multiplicador. O proceso de avaliación debe ser claro, sobre a base da simplificación administrativa pero cun alto grao de rigorosidade e esixencia.

Introducir a avaliación "on-going" e especialmente a avaliación "expost", permite medir o impacto das políticas públicas de apoio á I+D+i, facer os axustes necesarios para mellorar o seu impacto e realizar a tarefa imprescindible de rendición de contas, non só para a administración senón tamén para o conxunto de axentes do sistema galego de I+D+i.

Pero o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 non soamente defende esta cultura da avaliación competitiva no ámbito da investigación, senón que a estende a todos os ámbitos do plan. En especial, as políticas públicas de apoio á innovación e ao crecemento deben ser avaliadas nos prazos que permitan razoablemente adiantar o impacto que alcanzarán, é urxente afinar un sistema de avaliación que impida desperdiciar recursos públicos en políticas, que por moi ben intencionadas que sexan ou por moi consensuadas que estean, non ofrecen resultados. A avaliación é consustancial á mellora e á capacidade de reformular aquelas políticas que non ofrecen resultados e incrementar o apoio a aquelas que se resolven con resultados de impacto positivo.

A gobernanza dun sistema debe dotarse de suficiente estabilidade como para non ser presa de vaivéns políticos que a debiliten, pero debe ser suficientemente fluída como para axustar cambios necesarios que ás veces se traducirán na creación de novos axentes e ás veces farán necesaria a desaparición daqueles que non achegan significativamente ao sistema. É fundamental a coordinación entre aqueles axentes vinculados a dinámicas de investigación e aqueles orientados a dinámicas de innovación.



XUNTA DE GALICIA

Non debe esquecerse a dimensión público – privada do sistema, de modo que a participación de representantes do sector privado nalgúns órganos de deliberación e decisión é recomendable.

O sistema non vive illado, ten alta dependencia doutros sistemas máis xerais e pode competir ou colaborar con outros sistemas rexionais, garantir a observancia da evolución de tendencias en investigación e innovación noutros sistemas, así como proverse dun cadro de mando sólido sobre a evolución deste, aspecto este moi importante. É neste sentido que o presente plan se dota dunha función de observatorio que lle permita garantir información solvente para decisións de calidade.

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 aposta por un novo Modelo e detalla as bases de gobernanza do sistema de I+D+i con obxecto de:

- Impulsar unha gobernanza eficiente que facilite a complementariedade de roles no sistema de I+D+i, estimule tomas de decisión transparentes, evite as recorrencias, se oriente a xestionar a través de resultados de impacto, e manteña unha avaliación competitiva de calidade dos recursos asociados ás políticas públicas e un proceder meritocrático respecto da valoración das persoas.
- Ordenar os roles dos diferentes axentes do sistema, favorecendo os liderados privados e públicos que se orienten a resultados de impacto cara a unha economía galega máis densa en coñecemento e polo tanto máis competitiva.
- Definir os órganos de decisión e execución do sistema de I+D+i de modo que a calidade, axilidade, eficiencia e orientación a resultados sexan os valores propios do sistema.
- Impulsar lóxicas de consenso social e político entorno ao contido do Plan de Investigación, Innovación e Crecemento, de modo que se articulen políticas de fondo que, sen pretender esquivar a crítica política, se fundamenten nuns trazos estratéxicos profundamente compartidos por todos os axentes que protagonizan o Sistema de I+D+i.



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 7

RECURSOS ECONÓMICOS DO PLAN



XUNTA DE GALICIA

Os recursos económicos para o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 – 2015 para o exercicio 2011 é de 192.048.374 euros.

Este orzamento inclúe os diferentes programas segundo se detalla no seguinte cadro:

	Programas	Orzamento
Educación e Ordenación Universitaria	151A, 422C, 422M	10.848.880 €
Sanidade	413A, 411A, 561C	2.475.653 €
Medio Rural	422M, 561A	12.179.851 €
Economía e Industria	561A, 561B, 741A, 731A	115.198.905 €
Mar	561A	4.700.903 €
Presidencia/SXMIT	122B	16.182.652€
IGAPE	656700, 656800, 651700, 250500	30.300.000 €
	Total orzamento 2011	192.048.374,00 €

A repartición dos recursos económicos asociados á execución dos programas no ano 2011 é a seguinte:

Programa	%
Innovación empresarial	23
Investigación universitaria	35
Investigación nos OPIs e CT	11
Apoio Financeiro	11
Centros Tecnolóxicos	7
AAPP	9
Investigación empresarial	4

O financiamento dos exercicios 2012 a 2015 evolucionará en función das disponibilidades orzamentarias de acordo coa senda financeira marcada no Plan de Financiamento do Sistema Universitario, no que atinxe aos seus recursos de I+D, e para o resto de acordo co obxectivo estratéxico 1 do eixo 3 do Plan Estratéxico de Galicia.

Tomarase como base o orzamento do Plan para o exercicio 2011 tendo en conta que as consignacións orzamentarias de cada exercicio garantirán o cumprimento da estabilidade financeira do sector público autonómico de Galicia.

Ademais dos recursos públicos orzamentarios fixados para o financiamento deste Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, é importante que o sistema financeiro autóctono e propio de Galicia siga tendo un papel protagonista no apoio ao financiamento da I+D+i en Galicia, dada a necesidade que teñen as empresas galegas de



XUNTA DE GALICIA

incrementar o seu esforzo investidor en I+D+i para igualarse á media de España e tentar alcanzar os niveis medios rexistrados na UE.

Neste sentido, as entidades financeiras deben establecer mecanismos flexibles de acceso ao crédito e acordos coa dimensión do tecido empresarial.



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 8

XESTIÓN, SEGUIMENTO E ACTUALIZACIÓN DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015



XUNTA DE GALICIA

As políticas públicas, se queren ser realmente eficaces, han de estar obrigatoriamente orientadas de forma inequívoca á consecución de resultados; unha orientación que require non só fixar os resultados a acadar e os indicadores que se utilizarán para a súa medida, senón que esixe ademais que no seu propio seo contemplen e fagan pública, desde o mesmo momento do seu enunciado, a metodoloxía que se seguirá para proceder a medir o grao progresivo en que os obxectivos fixados se alcanzan co fin de promover os axustes que se deberían derivar da evolución destes.

Nesta liña, o carácter dinámico co que se concibe o Plan Galego de Investigación, Innovación e crecemento 2011-2015, asume a conveniencia de que, aínda mantendo a súa estrutura ao longo do seu período de vixencia, os resultados que se deriven do proceso de seguimento das liñas de actuación que contempla poidan dar lugar a un axuste e reformulación destas a condición de que as circunstancias así o esixan.

Axustes que, de ser necesario introducir, serán previamente expostas, estudadas, e aprobadas se procede, pola Comisión interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA) ou pola entidade que a puidese dar continuidade no marco dunha probable nova lexislación de carácter autonómica, ao redor da ciencia e a tecnoloxía.

Para iso Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 contempla un proceso de avaliación periódica e sistematizada dos resultados e progreso do Plan que permita monitorizar os progresos que se van producindo no sistema galego de I+D+i a medida que as liñas de actuación se desenvolven á vez que se identifican a conveniencia ou non da súa reformulación, as posibles medidas a implantar para mellorar o rendemento das políticas deseñadas a este fin así como detectar as sinerxías e complementariedades existentes entre elas. Desta forma confirmarase en que medida os recursos investidos nos procesos de xeración de coñecemento e innovación serven aos intereses perseguidos co fin de reverter finalmente no beneficio da sociedade galega.

Para poder realizar este proceso con garantías desenvolverase unha ferramenta telemática a utilizar pola estrutura organizativa e de xestión do Plan que facilitará a recompilación centralizada da información e o seguimento actualizado dos indicadores definidos.

A dita ferramenta construírase sobre o cadro de mando de xestión integral do Plan galego de Innovación, Investigación e Crecemento 2011 - 2015, concibido como o instrumento clave do sistema de control e seguimento continuo deste, que permitirá uniformar criterios entre o nivel executivo e o nivel operativo do plan co obxectivo de acadar os obxectivos a medio prazo. Desta forma o devandito cadro de mando configúrase como unha das pezas claves deste e como instrumento garante da eficacia no proceso de implementación de actuacións cara a alcanzar os obxectivos perseguidos monitorizados mediante os indicadores definidos.

No seu momento a Comisión interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA) decidirá se considera oportuno complementar este sistema de información con outro tipo de indicadores cualitativos que contén cunha participación directa dos principais actores do sistema de I+D+i.



XUNTA DE GALICIA

As funcións de control e seguimento do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011 - 2015, exponse co obxecto de que permitan a realización das seguintes tarefas:

- Definir a sistemática de implantación de cada liña de actuación prevista (calendario, orzamentos ...).
- Concretar a posta en marcha de cada unha das accións incluídas nas distintas liñas de actuación que contempla o plan así como realizar a súa xestión e control.
- Revisar o marco normativo vixente e os procedementos administrativos necesarios para a súa posible adecuación.
- Medir a eficacia das actuacións a partir do conxunto de indicadores propostos.
- Emitir conclusións e recomendacións a partir dos resultados acadados por cada acción ou conxunto de accións.
- Reformular, no caso de que sexa preciso, as liñas de actuación en función dos resultados da avaliación.
- Realizar informes periódicos sobre o progreso na execución do plan.
- Difundir os resultados á sociedade nunha política de plena transparencia.



XUNTA DE GALICIA

Capítulo 9

ANEXOS



9.1 ANEXO I

ADAPTACIÓN Á ESTRUCTURA DA LEI 12/1993

A correlación das diferentes accións incluídas en cada un dos eixos contemplados no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 coa terminoloxía recollida na Lei 12/1993, de 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia é a seguinte:

Programas Xerais de investigación e desenvolvemento tecnolóxico:

- Eixo 1. Xestión de talento
- Eixo 2. Consolidación de grupos de investigación
- Eixo 3. Sistema integral de apoio á investigación
- Eixo 4 Valorización do coñecemento
- Eixo 5. Innovación como motor de Crecemento
- Eixo 6. Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación

Programas Horizontais:

- Eixo 7. Modelo de innovación nas administracións
- Eixo 9. Proxectos singulares
- Eixo 10. Difusión e divulgación

Programas Sectoriais:

- Eixo 8. Programas Sectoriais



9.2 ANEXO II

ANÁLISE DE DESENVOLVEMENTO DO IN.CI.TE. (PERÍODO 2006 – 2009)

Como complemento natural ao diagnóstico do Sistema Galego de Innovación, procedemos nas páxinas que seguen a avaliar, no seu estado actual, os principais programas e contidos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (en diante IN.CI.TE.) 2006 – 2010. Aínda que, á hora de realizar a dita consideración debemos de ter presente que aínda non finalizou o seu período de vixencia e por iso aínda non se produciu o desenvolvemento pleno dos seus distintos programas aplicados ao ano 2010, polo que a análise centrarase nos anos 2006 – 2009, como referencia da súa evolución e contidos.

Do conxunto de programas dirixidos á promoción da actividade innovadora do Sistema Público de I+D+i, dos centros tecnolóxicos e dos demais axentes, analízanse os seguintes:

9.2.1 Programas Horizontais

i. Programas de Recursos Humanos

Os programas de recursos humanos teñen como obxecto dar soporte nos aspectos básicos e xerais á actividade de I+D+i, concibindo a produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento, e definindo unha carreira científica que posibilita a formación, a contratación e a consolidación de persoal investigador, permitindo a súa integración dentro do sistema galego de I+D+i.

Ademais, basea as súas actuacións e instrumentos no desenvolvemento da carreira investigadora en todas as etapas, tal e como se detalla máis adiante, cos distintos programas de apoio.

Deste xeito, os programas definen un itinerario lineal desde a formación dos investigadores e investigadoras ata a súa consolidación no sistema, e dota de instrumentos de axuda a cada unha das etapas (predoutoral, posdoutoral, incorporación e consolidación).

Ademais busca, desde a súa xénese, favorecer a mobilidade dos investigadores e investigadoras tanto entre sectores como entre institucións.

Forman parte deste programa de recursos humanos as seguintes figuras:

- *Programa María Barbeito.* Axudas para contratos predoutorais de formación de doutores en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu obxectivo é outorgar axudas ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), Organismos Públicos de Investigación con sede en Galicia (OPIs) e Entes e Centros Públicos de Investigación de Galicia que fomenten a contratación de titulados superiores predoctorais co obxectivo de formalos.

A finalidade principal deste programa é o apoio á formación en investigación básica e aplicada daqueles titulados superiores universitarios que desexen realizar a súa tese de



XUNTA DE GALICIA

doutoramento nun centro de investigación radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A duración das axudas é dun máximo de dous anos.
- *Programa Ángeles Alvariño.* Este programa inclúe axudas á especialización de doutores recentes para a súa incorporación en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo como obxectivo potenciar a acción de inserción de doutores recentes nas universidades do SUG, nas institucións non universitarias sen ánimo de lucro e organismos das administracións públicas ou das súas entidades dependentes e nos centros tecnolóxicos que permitan o perfeccionamento da súa formación, entre os que se inclúe que parte da actividade subvencionada se desenvolva en centros de investigación de fóra de Galicia e distintos a aquel no que se conseguiu o grao de doutor.

A duración das axudas é dun máximo de tres anos.

- *Programa Isidro Parga Pondal.* Este programa contén axudas á contratación de doutores para a súa incorporación en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é contribuir a superar o déficit de recursos humanos de que adoece o sistema de I+D en Galicia a través do apoio a inserción en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros.

A duración das axudas é dun máximo de 3 anos.

- *Programa Lucas Labrada.* No que se refire a este Programa, a súa actuación céntrase no fomento da formación e especialización de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como obxectivo fortalecer a capacidade investigadora dos centros de I+D de Galicia, tanto do sector público como do privado, e mellorar a capacidade tecnolóxica das empresas, mediante o apoio á formación e especialización de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia.

A duración máxima das axudas é de dous anos

- *Programa Isabel Barreto.* Este programa ten como obxecto a incorporación de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo principal é fortalecer a capacidade investigadora dos centros de I+D de Galicia, tanto do sector público como do privado, e mellorar a capacidade tecnolóxica das empresas, mediante o apoio á incorporación de tecnólogos e axentes de innovación




XUNTA DE GALICIA

e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este programa ten unha duración máxima dos seus contratos de dous anos.

- *Programa de bolsas para Estancias de investigación fóra de Galicia (Estadías).* Este programa ten como finalidade axudar a favorecer a actualización de coñecementos, a adquisición de noticias técnicas de investigación, así como completar a formación dos investigadores de Galicia mediante a súa incorporación temporal a centros de investigación de fóra de Galicia, establecendo ademais, relacións de interese entre ambas as partes.
- *Programa Manuel Colmeiro.* Por último, este programa ten como obxectivos: Fomentar a incorporación estable dos investigadores cunha traxectoria investigadora destacada e favorecer a captación ou recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia, para a súa incorporación ao sistema español de ciencia e tecnoloxía e incentivar a incorporación ao sistema nacional de I+D de mozos investigadores. E ademais incentivar o esforzo de consolidación do persoal docente e investigador cunha traxectoria investigadora destacada polos centros do Sistema Galego de Ciencia e Tecnoloxía.

Esquemáticamente, poderíamos representar o conxunto de programas de recursos humanos da seguinte forma:





XUNTA DE GALICIA

Na táboa seguinte recolleemos a tendencia dos devanditos programas tanto para as universidades como para o resto de organismos do Sistema de I+D+i de Galicia desde o inicio do Plan IN.CI.TE. (2006 – 2009). É preciso lembrar que actualmente non se finalizaron os relativos ao ano 2010 no que se continuou apoiando estes programas na mesma tendencia.

táboa 10.1 Tendencias dos programas de RR.HH. do IN.CI.TE. (2006 – 2009)

CONVOCATORIA / PROGRAMA	2006		2007		2008		2009	
	Concedidas	Importe	Concedidas	Importe	Concedidas	Importe	Concedidas	Importe
María Barbeito	80	3.270.400	80	3.270.400	81	3.311.280	72	2.943.360
Ángeles Alvariño	Non había	Non había	58	4.872.000	52	4.367.846	43	3.612.000
Parga Pondal	61	3.844.000	47	5.076.000	36	3.888.000	31	3.348.000
Lucas Labrada	Non había	Non había	64	2.502.000	54	2.172.000	39	1.560.000
Isabel Barreto	Non había	Non había	67	3.790.400	60	3.718.000	45	2.706.000
Manuel Colmeiro	Non había	Non había	Non había	Non había	3	280.050	13	1.690.650
Estadías	121	1.000.000	199	1.452.323	220	1.873.057	173	759.276
Total programas	262	8.114.400	515	20.963.123	506	19.610.233	416	16.619.286

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia


Como se pode observar nos resultados, en liñas xerais, apréciase unha tendencia de estabilidade vinculada tamén ao carácter plurianual dos distintos programas. Ademais, é preciso mencionar que no cómputo dos totais (tanto de concedidas como de importes) inclúense as axudas correspondentes ás primeiras e segundas prórrogas para cada un dos programas que as teñen en conta (María Barbeito, Ángeles Alvariño e Parga Pondal).

Esta evolución fai que, graficamente, tamén se observe que son os programas Ángeles Alvariño e Parga Pondal (os que fan referencia á etapa de incorporación e consolidación) os que contan cunhas partidas de financiamento máis elevadas tanto en termos absolutos como porcentuais.

Desta forma o esforzo investidor da Xunta de Galicia pon de manifesto a súa aposta, como non podía ser doutra forma, por dar á actividade investigadora (e por tanto do persoal investigador) un papel de elevada relevancia dentro do Sistema Galego de Innovación (tanto para organismos públicos e privados como para as tres universidades galegas).




gráfico 10.1 Evolución dos investimentos nos programas de RR.HH. Plan IN.CI.TE. (2006 – 2009)



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

gráfico 10.2 Evolución das concesións de subvencións nos programas de RR.HH. Plan IN.CI.TE. (2006 – 2009)



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia



XUNTA DE GALICIA

9.2.2 Programas Xerais

i. Programa de Promoción Xeral da Investigación (PXI)

Este programa ten como obxecto dar soporte nos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D+i e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.

O programa PXI busca fomentar a investigación básica, tendo en conta a necesidade de contar con criterios de medio e longo prazo, mantendo unha visión prospectiva sobre as necesidades da ciencia aplicada e da tecnoloxía nos próximos anos.

Á súa vez, o PXI tivo en conta a definición das estratexias do papel do sistema público de I+D+i para fornecer a Galicia de novas capacidades, apostando polo fomento de todas as áreas científico – tecnolóxicas e priorizando criterios de calidade e de Excelencia, motivado pola necesidade do Sistema Galego de Innovación de xerar coñecemento a longo prazo sen os condicionamentos do mercado ou dunha produtividade inmediata.

táboa 10.2 Resumo de proxectos e financiamento PXI (2006 – 2009)

	ANO 2006		ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
SECTOR	TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.
PRIVADO	1	26.000	0	0	0	0	0	0	1	26.000
PÚBLICO	90	4.179.344	24	1.864.881	8	544.557	6	540.076	128	7.128.858
UNIVERSIDADE	290	13.445.425	145	9.690.113	85	4.825.421	94	5.444.709	615	33.405.668
Totais	381	17.650.769 €	170	11.554.994 €	93	5.369.978 €	100	5.984.785 €	744	40.580.526 €

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia


Como se pode observar na táboa anterior na que se detalla tanto o número de proxectos como do financiamento correspondente ás axudas convocadas segundo o sector no que se inclúen os beneficiarios (sector privado, público ou dalgunha das tres universidades galegas), as entidades do sector público diminúen considerablemente a súa presenza, do mesmo xeito que se observa a ausencia de axentes do ámbito privado nestas.

En xeral a evolución do programa ha ir diminuindo desde o seu inicio, sendo o peso relativo das axudas ás universidades o que menos se reduciu.

Como información adicional, no gráfico 10.3 pódese observar a evolución do programa PIX considerando o montante total de cada exercicio como nivel 100, vendo o peso de relevancia que teñen.



gráfico 10.3 Evolución do investimento nas axudas concedidas no programa de promoción xeral da investigación Plan IN.CI.TE. (2006 – 2009), por sector



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

ii. Programa de Consolidación e Estruturación do Sistema Público de I+D (Estruturación)

O programa de consolidación e estruturación do sistema público de I+D ten como obxectivo principal promover a consolidación e a especialización competitiva das unidades de investigación, así como a consolidación e articulación de servizos de apoio (en particular as infraestruturas e as unidades de xestión da innovación).

Este programa deseñouse e estase executando para incentivar e promover un desenvolvemento organizativo do sistema público de I+D+i facilitador, axudando aos seus organismos na consolidación de capacidades e unha estruturación sostida e sustentable na especialización, transnacionalidade e adquisición de masa crítica. Por isto, nace co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as unidades de investigación no sistema público galego de I+D+i, achegando instrumentos que potencien a organización competitiva e a dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade dos resultados e no alcance da produción científica.

táboa 10.3 Evolución do investimento no programa de estruturación (2007 – 2009)

ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.
98	5.419.426 €	123	3.279.755 €	197	8.019.491 €	418	16.718.672 €


Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

Obsérvase neste caso tamén que o Programa de Estruturación aumentou nos anos analizados tanto en número de axudas concedidas como no volume total de financiamento, pasando das 98 subvencións do ano 2007 (ano no que se inicia o programa) ás 197 do ano 2009, vendo á súa vez aumentado nun 47,97% o orzamento asignado a este programa, pasando dos case 5 millóns e medio de euros do 2007 aos 8 millóns do 2009.



A continuación como soporte dinámico da táboa anterior, preséntase a súa evolución gráfica:

gráfico 10.4 Evolución do investimento do Programa para a Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Galego de I+D+i (Plan IN.CI.TE. 2007 – 2009)



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

9.2.3 Programas Sectoriais

i. Programas Sectoriais

A planificación da investigación tívose en conta no desenvolvemento do Plan IN.CI.TE, tendo en conta a relación directa que existe coas políticas industriais da Comunidade Autónoma e os sectores aos que se debe impulsar un maior desenvolvemento económico. Deste xeito, as empresas son as principais responsables de converter a investigación en innovación. É por iso que desde a posta en marcha do Plan cobraron un peso importante os programas sectoriais, que durante este período buscaron favorecer a transferencia da investigación aplicada aos principais sectores da economía galega, apoiando tamén as actividades de investigación e innovación tecnolóxica realizadas no ámbito do sector empresarial.

Estes programas tiñan como obxectivo satisfacer as demandas procedentes da industria, das empresas e dos sectores emerxentes, impulsando a economía do coñecemento dentro do entramado económico galego.

Esta orientación quedou plasmada en programas que tiveron finalidades diferenciadas e que estiveron dirixidos aos seguintes sectores:

- Medio rural
- Medio mariño
- Recursos enerxéticos e mineiros
- Medio natural e desenvolvemento sustentable



XUNTA DE GALICIA

- Biomedicina e ciencias da saúde
- Tecnoloxías da alimentación
- Tecnoloxías dos materiais e da construción
- Deseño e produción industrial
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Sociedade da información
- Cultura e sociedade
- Turismo

Como agrupación global destes programas a continuación preséntase a seguinte táboa coa evolución destes desde o ano 2006:



táboa 10.4 Programas sectoriais por anos (2006 – 2009)

SECTOR	ANO 2006		ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINANCIACIÓN	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINANCIACIÓN	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINANCIACIÓN	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINANCIACIÓN	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINANCIACIÓN
EMPRESAS	265	21.862.534 €	281	23.594.843 €	202	17.155.281 €	297	20.129.328 €	1.045	82.741.986 €
PÚBLICO	7	626.325 €	16	2.155.317 €	35	2.725.784 €	38	2.614.691 €	96	8.122.117 €
CENTROS TECNOLÓXICOS	43	4.793.550 €	41	6.030.905 €	37	5.520.485 €	49	5.342.329 €	170	21.687.269 €
UNIVERSIDADES	0	0	7	691.825 €	92	6.961.006 €	108	6.815.700 €	207	14.468.531 €
	315	27.282.409 €	345	32.472.890 €	366	32.362.556 €	492	34.902.048 €	1.518	127.019.903 €

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia




XUNTA DE GALICIA

Tal e como se pode observar na táboa anterior, e que se visualiza mellor no gráfico seguinte, as axudas aos programas sectoriais asumiron unha evolución á alza durante os catro anos de vixencia do Plan IN.CI.TE., pasando de 315 proxectos subvencionados e 27.282.409 € de financiamento aos case 500 proxectos (492 exactamente) con máis de 34 millóns de euros (un 27,92% de incremento) sendo as empresas as que obtiveron un maior volume de financiamento e de apoio dentro deste Programa.

Destaca tamén a evolución dos proxectos vinculados ás universidades, que son as que adquiren un crecemento maior no transcurso dos catro anos, superando os proxectos presentados e aprobados aos centros tecnolóxicos.

gráfico 10.5 Evolución do financiamento dos Programas Sectoriais Plan IN.CI.TE. (2007 – 2009) por sector



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

ii. Programa de Innovación Empresarial. Fomento da Investigación e a Innovación Empresarial

Dentro dos programas sectoriais do Plan IN.CI.TE. inclúese o Programa de Innovación Empresarial, que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa.

Para o desenvolvemento deste programa sectorial no IN.CI.TE., considerouse necesario, entre outras actuacións, abordar a prestación de apoio financeiro mediante a convocatoria anual de axudas ás empresas galegas para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial.

Para as empresas, pequenas e medianas (Innovapeme) e grandes (Innovamais), abordouse a concesión de subvencións para a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de I+D+i; para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial en materia de proceso e organización, para a xestión e a produción, así como para cofinanciar aqueles proxectos de I+D+i non finalizados e que fosen obxecto de axuda ao amparo de convocatorias estatais ou internacionais.



XUNTA DE GALICIA

Ademais, este programa tamén apoiou os centros tecnolóxicos e clústers empresariais galegos, tendo en consideración a concesión de subvencións para a creación de novas plataformas tecnolóxicas, para a primeira e segunda fase de consolidación, baixo a fórmula de contratos programa.

En base a este desenvolvemento, este Programa tivo a seguinte evolución, segundo se reflicte na táboa 10.5.


táboa 10.5 Evolución do programa de Innovación Empresarial (2006 – 2009)

ANO 2006		ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
Nº Total Axudas	Total Finan.	Nº Total Axudas	Total Finan.	Nº Total Axudas	Total Finan.	Nº Total Axudas	Total Finan.	Nº Total Axudas	Total Finan.
234	29.874.124 €	199	19.679.364 €	196	19.080.331 €	200	9.709.732 €	829	78.343.551 €

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

Pódese observar que neste programa a evolución ao longo dos catro anos de execución do IN.CI.TE. foi moi estable, coa matización do primeiro ano, en canto a número de proxectos subvencionados, aínda que en financiamento viuse moi afectada pola evolución das partidas orzamentarias do exercicio 2009. Gráficamente, a evolución temporal deste programa obsérvase a seguir.

gráfico 10.6 Evolución do Programa de Investigación e Innovación Empresarial. Plan IN.CI.TE. (2007 – 2009)



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

iii. Programa de Innovación Empresarial. Mobilización, Dinamización e Sistematización da Innovación

O obxectivo deste programa integrado dentro do Plan IN.CI.TE. foi, desde a súa primeira convocatoria, o de sensibilizar sobre a importancia dunha adecuada xestión da innovación e ir creando dinámicas e competencias que permitisen tanto o aproveitamento dos recursos de innovación como o acceso a socios e colaboradores que facilitasen os procesos de cambio na empresa.



XUNTA DE GALICIA

Nesta misión considerouse interesante o papel especialmente importante de dous tipos de organizacións diferentes que poden dar apoio e cobertura ás pemes:

1. Os organismos de intermediación e representación empresariais, que aglutinan colectivos sectoriais e/ou xeográficos de empresas, e que ademais gozan dunha función de representación do colectivo. Estes organismos teñen unha importante capacidade de intermediación, ao ser percibidos como unha organización propia que facilita o acceso a servizos de asesoría, sensibilización, difusión e capacitación en asuntos de interese para os seus asociados.
2. E, doutra banda, os especialistas privados en xestión da innovación, que a través do seu labor de asesoría especializada, capacitación e desenvolvemento, complementan capacidades de xestión de innovación nas pemes.

táboa 10.6 Evolución das axudas de Mobilización, Dinamización e Sistematización das Innovación do Plan IN.CI.TE. (2007 – 2009)

ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.
44	1.424.640 €	54	1.952.457 €	60	1.644.603 €	158	5.021.700 €

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

Como se pode concluír da anterior táboa e do gráfico 10.7 que se presenta a continuación, este programa de actuación do Plan IN.CI.TE. tivo unha evolución crecente en canto ao número de proxectos apoiados, observándose tamén unha evolución positiva dos fondos aplicados a este.

Neste caso, o total de axudas concedidas pasa de 44 do ano 2007, primeiro no que se aborda a convocatoria deste programa e chégase ás 60 do ano 2009 (o que supón un 36% de incremento), supondo tamén, un aumento no cofinanciamento dos proxectos por parte das entidades beneficiarias, o que permitiu apoiar a un maior número de proxectos neste último ano.

iv. Programa de Innovación Empresarial. Fomento da Propiedade Industrial

Dentro dos programas sectoriais inclúese o programa de innovación empresarial que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa.

Para o desenvolvemento deste programa sectorial no Plan IN.CI.TE. puxo en marcha, entre outras, a prestación de apoio financeiro para a protección, a través do sistema de propiedade industrial, dos resultados da actividade innovadora e creativa desenvolvida na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste programa considerouse abordar a concesión de axudas para a protección das invencións desenvolvidas por empresas, institucións sen fin de lucro ou persoas físicas na



XUNTA DE GALICIA

Comunidade Autónoma galega, así como para a protección dos deseños industriais creados polas empresas galegas ou para o rexistro das marcas que vaian utilizar para a comercialización dos seus produtos.

Con este apoio financeiro procurouse, así mesmo, a equiparación da actividade rexistral do noso tecido empresarial co resto do Estado español e, consecuentemente, unha mellora das condicións de competitividade de Galicia.


Os datos obtidos no desenvolvemento desta liña de financiamento foi a que se detalla a continuación na táboa 10.7 e que se observa dinamicamente no gráfico 10.7.

táboa 10.7 Evolución das axudas de Fomento da Propiedade Industrial do Plan IN.CI.TE. (2006 – 2009)

ANO 2006		ANO 2007		ANO 2008		ANO 2009		TOTAL ANOS	
Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.	Nº TOTAL AXUDAS	TOTAL FINAN.
516	599.258 €	702	857.043 €	727	827.683 €	632	742.082 €	2.577	3.026.066 €

Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

gráfico 10.7 Evolución do Financiamento Total das Subvencións do Programa para o Fomento da Propiedade Industrial Plan IN.CI.TE. (2007 – 2009)



Fonte : Dirección Xeral I+D+i. Elaboración propia

Tal e como se pode concluír da anterior táboa e do gráfico, desde o ano 2006 até o 2009 experimentouse un incremento do 22,48% sobre o número de proxectos subvencionados, e dun 23,83% do financiamento total achegado ao programa, o que supón tamén un incremento na subvención media concedida por estes conceptos.



9.3 ANEXO III

CLÚSTERS E PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS RECOÑECIDAS EN GALICIA

Clústers recoñecidos en Galicia

- i. CMA, Clúster da Madeira de Galicia.
- ii. ACLUNAGA, Asociación do Clúster Naval de Galicia.
- iii. CEAGA. Clúster de Empresas de Automoción de Galicia.
- iv. Clúster TIC Galicia.
- v. CETGA. Clúster de Acuicultura de Galicia
- vi. Clúster Audiovisual de Galicia

Plataformas tecnolóxicas recoñecidas en Galicia

- i. Vindeira - Plataforma Tecnolóxica das TIC.
- ii. Nanogal - Plataforma Galega de Nanotecnoloxía.
- iii. Plataforma Tecnolóxica Galega da Automoción.
- iv. Plataforma do Produto Gráfico Galego.
- v. Plataforma Tecnolóxica Naval.
- vi. Plataforma Tecnolóxica Galega do Audiovisual.
- vii. Plataforma Tecnolóxica Galega do Granito.
- viii. Plataforma Tecnolóxica Galega da Enerxía.
- ix. Plataforma Tecnolóxica Galega da Madeira (PTGM).
- x. Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente.
- xi. Plataforma Tecnolóxica Galega de Materiais e Procesos de Fabricación.
- xii. Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria.
- xiii. Plataforma Tecnolóxica Galega da Acuicultura.
- xiv. Tecnopeixe - Plataforma Tecnolóxica.
- xv. Plataforma Galega de Biotecnoloxía (Bioteaga).



XUNTA DE GALICIA

xvi. Plataforma Tecnolóxica Galega de Loxística (LOXISGA)

xvii. Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega-Devesa.

Centros Tecnolóxicos recoñecidos en Galicia

Centros Tecnolóxicos Consolidados.

- i. Centro Tecnolóxico AIMEN
- ii. Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (ANFACO – CECOPESCA)
- iii. Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG)
- iv. Centro Tecnolóxico de Pesca de Celeiro (CETPEC)
- v. Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (CETGA)
- vi. Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT)

Pre-centros Tecnolóxicos (de recente creación ou en proceso de transformación)

- i. Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS Madeira)
- ii. Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)
- iii. Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC)
- iv. Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)
- v. Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)
- vi. Centro Tecnolóxico da Carne e da Calidade Alimentaria de Galicia (CETEGA)
- vii. Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR
- viii. Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (AGG)
- ix. Centro Tecnolóxico da Lousa de Galicia
- x. Centro Tecnolóxico do Naval de Galicia (CETENAGA)
- xi. Centro Galego do Plástico (CGP)
- xii. Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (ENERGYLAB)
- xiii. Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (CTLACTEO)



XUNTA DE GALICIA

xiv. Centro Tecnolóxico Téttil

xv. Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL)

xvi. Instituto de Cerámica

Outros Organismos

- i. Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA).
Instalación Científico Técnica Singular.
- ii. Centro de Innovación e Servizos, Deseño e Tecnoloxía (CIS Galicia).
- iii. Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG).

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727